



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de marzo de 2021 (988/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font (online)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (online)
D^a Yolanda Aguiar Castro (online)
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día trinta e un de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a xefa do Servizo de Asesoramento, Sra. García Alvarez..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(235).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 25 de marzo de 2021 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(236).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, PARA O SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO DE PRIMEIRA SAÍDA PARA O PARQUE CENTRAL DE TEIS- SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 6341/213.

Visto o informe xurídico do 25/03/2021 e informe de fiscalización do 26/03/2021, dáse conta do informe-proposta do 24/03/2021, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, pola concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 04 de xaneiro de 2021 a concelleira-delegada da Área de Empresa, economía, seguridade e Organización Municipal acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro dun vehículo de primeira saída para o parque central de teis para o Servizo de Bombeiros.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 04 de xaneiro e a concelleira-delegada da Área de Empresa, economía, seguridade e Organización Municipal de data 04 de xaneiro de 2021.

Resolución de inicio do expediente de contratación do a concelleira-delegada da Área de Empresa, economía, seguridade e Organización Municipal de 04 de xaneiro de 2021.

Certificado de crédito de data 14 de xaneiro de 2021, emitido e asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentos.

Dilixencia do Servizo de contratación de data 02 de febreiro de 2021.

Declaración do redactor del pliego técnico de data de 03 de febreiro de 2021, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.

Memoria económica do contrato de data 10 de febreiro de 2021, asinado polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada da Área Empresa, economía, seguridade e Organización Municipal de 10 de febreiro de 2021.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 12 de febreiro, 10 de marzo e 16 de marzo de 2021, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.
- Memoria xustificativa do contrato de data 12 de febreiro e 10 de marzo de 2021, asinado polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada da



Concello de Vigo

Área Empresa, economía, seguridade e Organización Municipal de 10 de febreiro de 2021.

- Informe da xefa do Servizo de Contratación de 12 de febreiro, 11 e 16 de marzo de 2021 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro dun vehículo de primeira saída para o Servizo de Bombeiros, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 12 de febreiro, 11 e 16 de marzo de 2021.
- Anuncio dende o Servizo de Contratación de data 19 de febreiro de 2021.
- Informe do Servizo de Contratación de data 19 de febreiro de 2021.
- Dilixencia da letrada xefa de asesoramento de data 10 de marzo de 2021.
- Dilixencia da Interventora Adxunta de data 15 de marzo de 2021.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira-delegada de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal mediante resolución de 04 de xaneiro de 2021 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorpora-

raseda pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro dun vehículo de primeira saída para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 16 de marzo de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data de 16 de marzo de 2021

3º.- Autorizar o gasto por importe de 400.000,00 euros, do que 69.421,49€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606240000 “ Adquisición vehículo de 1º saída” do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(237).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "REFORMA DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO PARQUE DE CASTRELOS DE VIGO". EXPTE. 631/441.

Visto o informe de fiscalización de data 26/03/2021, dáse conta do informe-poposta da Mesa de Contratación de data 25/03/2021, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma da instalación de iluminación pública no parque de Castrelos de Vigo" (631-441)



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma da instalación de iluminación pública no parque de Castrelos de Vigo" (631-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REFORMA DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO PARQUE DE CASTRELOS", redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, D. Ramón Docampo Alonso, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (622.680,73 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 02/12/2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (622.680,73 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 108.068,56 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1650.619.00.60 (Iluminación Parque Castrelos), provinte da modificación orzamentaria núm. 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	622.680,73 €
TOTAL	622.680,73 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Reforma da instalación de iluminación pública no parque de Castrelos de Vigo” (631-441) na seguinte orde descendente:

	<i>Licitadores</i>	<i>Puntuación total</i>
1	<i>EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A.</i>	<i>84,25</i>
2	<i>CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.</i>	<i>81,31</i>
3	<i>TECUNI, S.A.U.</i>	<i>78,02</i>
4	<i>SIELVIGO, S.L.</i>	<i>71,14</i>

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A. (A-15.032.725), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., o día 10 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 22 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de marzo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. como a solicitada de oficio pola



Concello de Vigo

Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 25 de febreiro e 1 de marzo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A. (A-15.032.725) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Reforma da instalación de iluminación afd*pública no parque de Castrelos de Vigo” (631-441) por un prezo total de 473.604,44 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 82.195,81 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(238).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN PARA FUNCIONARIOS DE NOVO INGRESO DO SERVIZO DE BOMBEIROS E 5 SARXENTOS POR PROMOCIÓN INTERNA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6307/213.

Visto o informe de fiscalización de data 26/03/2021, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 25/03/2021, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros e 5 sarxentos por promoción interna do Concello de Vigo (6.307-213)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros e 5 sarxentos por promoción interna do Concello de Vigo (6.307-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do servizo de Formación para funcionarios de novo ingreso do Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo de bombeiros en data 29 de xaneiro de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado polo Servizo de Contratación e asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 29 de xaneiro de 2021.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 118.813,76 euros (prestación exenta de IVE, artigo 20 Lei 37/1992 do IVE), que se imputará á aplicación orzamentaria 13602279910 “Cursos de formación impartidos por empresas”, do presuposto do exercicio de 2021.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 15 de marzo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros e 5 sarxentos por promoción interna do Concello de Vigo (6.307-213) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

	Licitador	Puntuación
1	SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A. (A-36.715.217), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia:

- 1. Acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP: "Os licitadores deberán estar homologados por el Servicio de Empleo estatal (SEPE), ou organismo correspondente da CCAA para impartir a formación regulada no RD 624/2013, de 2 de agosto para a Familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente, dentro da Área Seguridade e Prevención SEAD0111 "Extinción de Incendios y Salvamento"*
- 2. A documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:*
 - Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
 - Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
 - Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 dasFEC.*
 - Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV".*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A., o día 16 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida 23 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de marzo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A., de conformidade co informe de valoración da proposición available a través de fórmula de data 10 de marzo de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A. (A-36.715.217) o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros e 5 sarxentos por promoción interna do Concello de Vigo (6.307-213) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 118.643,08 euros (exento de IVE).*
- *Incrementa a experiencia dos medios persoais adscritos ao contrato a maiores da esixida no apartado 5.F desta FEC:*

a) Experiencia do instrutor/formador principal:

- *Como técnico superior da Familia de Seguridade e Medio Ambiente:*

- *máis de 5 anos con acreditación*
- *máis de 10 anos sen acreditación*

- *Como enxeñeiro técnico na rama de Electricidade, Industrial e Química con experiencia acreditada con máis de 2 anos.*

b) Experiencia do instrutor/formador de apoio como certificado de profesionalidade nivel 2 na Área de Seguridade e Prevención da familia de Seguridade e Medio Ambiente:



Concello de Vigo

- *máis de 5 anos con acreditación*
- *máis de 10 sen acreditación*

c) Propón incrementar en 1 instrutor/formador principal o mínimo esixido no apartado 5F desta FEC para a fase práctica da formación.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(239).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE XESTIÓN INTEGRAL DA VENDA DE ENTRADAS DOS ESPECTÁCULOS ORGANIZADOS POLA CONCELLERÍA DE CULTURA. EXPTE. 3508/330.

Visto o informe de fiscalización de data 26/03/2021, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 25/03/2021, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, da contratación do servizo de venda de entradas da programación de artes escénicas organizada pola Concellería de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 25 de novembro de 2020, redactadas pola técnica media de actividades culturais e educativas, conformadas polo xefe do servizo de Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 30 de novembro de 2020, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 41.852,64 € €, co IVE incluído (corenta e un mil oitocentos cincuenta e dous euros con sesenta e catro céntimos), para un período de dous anos, que se financiarán de acordo co seguinte detalle:

Exercicio 2021.- 20.926,32 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.227.99.00 “traballos e servizos”.

Exercicio 2022.- 20.926,32 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.227.99.00 “traballos e servizos”.

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 18 de marzo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a KICK TICKETING, S.L. por conter a súa oferta económica valores contraditorios ao abeiro do previsto na cláusula 18.3 do PCAP, segundo o informe emitido pola técnica de Actividades Culturais e Educativas e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 8 de marzo de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	GIGLON, S.L.	96,59
2	MANANTIAL DE IDEAS, S.L.	88,73
3	CARLOS MARTÍNEZ QUIÑONES	18,90

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GIGLON, S.L. (B-86.410.198), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.



Concello de Vigo

- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV".*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GIGLON, S.L., o día 18 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida 24 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de marzo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GIGLON, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GIGLON, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adjudicar a GIGLON, S.L. (B-86.410.198) o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330) por un prezo total de 41.285,73 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.165,29 euros, e co seguinte detalle:

- Parte fixa por importe de 1.700,73 euros cunha porcentaxe de desconto do 25% a aplicar aos prezos unitarios do Bloque 4 (Materiais necesarios para a venda de entradas) previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Parte variable por un importe máximo de 39.585,00 euros coas seguintes porcentaxes de desconto sobre os prezos unitarios previstos no citado apartado 3G:

Prezo unitario	Porcentaxe de desconto
Bloque 1: Sistema informático de venda de entradas	30,55%
Bloque 2: Xestión de eventos	55,02%
Bloque 3: Venda de entradas física o día dos eventos	33,59%

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(240).- LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA INDEMNIZACIÓN POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DE EXECUCIÓN DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS COMO CONSECUENCIA DA COVID-19. EXPTE. 6456/241.

Visto o informe de fiscalización de data 23/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 10/03/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 9 de abril de 2020, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou:

“1º.- Acumular as solicitudes de declaración de imposibilidade de execución de contratos formuladas pola mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escrito de data 25 de marzo de 2020 relativas aos seguintes procedementos:

- *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774-332) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) de data 15 de marzo de 2016.*

- *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332), adxudicado por acordada XGL de data 15 de marzo de 2016.*
- *Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332), adxudicado por acordo da XGL de data 27 de novembro de 2015.*
- *Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332), adxudicado por acordo da XGL de data 18 de maio de 2017.*

2º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contratos dos que é adxudicataria a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., citados no apartado anterior, como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

3º.- A suspensión terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Segundo.- En data 21 de maio de 2020, a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (CÓD. SOLICITUDE 200060056, 200060060, 200060061, 200060064, 200060065, 200060066, 200060067, 200060070, 200060072 e 200060075) escrito de solicitude de abono a conta da indemnización dos danos e prexuízos consecuencia da suspensión dos contratos administrativos de xestión das Escolas infantís municipais de Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns e Santa Marta-Casco Vello (expedientes 16774-332, 17043-332, 17066-332 e 17.500-332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 16 ó 31 de marzo e o mes de abril respectivamente. Complementan esta solicitude coa presentación de nova documentación en datas 16 e 19 de xuño de 2020 (documentos 200106993 e 200109626).

Terceiro.- En data 8 de xuño de 2020, a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documentos nº 200102258, 20012259, 20012261, 20012262 e 20012264) escritos de solicitude de abonos a conta da indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión dos contratos administrativos de xestión das Escolas infantís municipais de Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns e Santa Marta-Casco Vello (expedientes 16774-332, 17043-332, 17066-332 e 17.500-332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 1 ao 31 de maio.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión 26 de xuño de 2020, acordou o seguinte:



Concello de Vigo

“1º.- Acumular as solicitudes de abono a conta da indemnización de danos e prexuízos pola suspensión da execución de contratos formuladas pola mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escritos de data 21 de maio de 2020 (documentos 200060056, 200060060, 200060061, 200060064, 200060065, 200060066, 200060067, 200060070, 200060072 e 200060075) relativas aos seguintes procedementos:

- Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774-332) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) de data 15 de marzo de 2016.*
- Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332), adxudicado por acordada XGL de data 15 de marzo de 2016.*
- Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332), adxudicado por acordo da XGL de data 27 de novembro de 2015.*
- Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332), adxudicado por acordo da XGL de data 18 de maio de 2017.*

2º.-Autorizar os abonos a conta da indemnización de danos e prexuízos consecuencia da suspensión da execución do contratos dos que é adxudicatario a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., citados no apartado anterior, polos seguintes importes, distribuídos por escola e expedientes de gasto:

1.- Exepediente 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)

- Gastos salariais: 20.307,08€*
- Mantemento Garantía: 35,33€*
- Pólizas de seguros: 194,35€*

Total: 20.536,76€

2.- Exepediente 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)

- Gastos salariais: 15.067,88 €*
- Mantemento Garantía: 152,84 €*
- Pólizas de seguros: 195,16 €*

Total: 15.415,88€

3.- Exepediente 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)

- Gastos salariais: 17.554,25 €*
- Mantemento Garantía: 152,84 €*

- Pólizas de seguros: 195,13 €

Total: 17.902,22€

4.- Expediente 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)

- Gastos salariais: 15.578,79 €
- Mantemento Garantía: 63,98 €
- Pólizas de seguros: 181,12 €

Total: 15.823,89€

5.- Expediente 17.043/332 (EIM NAVIA)

- Gastos salariais: 14.295,29 €
- Mantemento Garantía: 63,98 €
- Pólizas de seguros: 188,14 €

Total: 14.547,41€

Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Santa Marta-Casco Vello	17500-332	20.536,76	202000003283
EIM Santa Cristina-Lavadores	17066-332 (Lote 1)	15.415,88	202000003274
EIM Costeira-Saiáns	17066-332 (Lote 2)	17.902,22	202000003275
EIM Mestres Goldar-Castrelos	16774-332	15.823,89	202000003270 (ADC 28584)
EIM Navia	17043-332	14.547,41	202000003272 (ADC 39211)

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión 17 de xullo de 2020, acordou o seguinte:

"Reanudar a execución parcial do contrato de servizos para a XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE SANTA CRISTINA-LAVADORES, ATALAIA-TEIS E COSTEIRA-SAIÁNS (EXPEDIENTE 17.066/332) o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarán o día 1 de setembro".

Quinto.- O 19 de xullo de 2020, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. presenta no Rexistro do Concello de Vigo escritos de solicitude de abonos a conta da indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión dos contratos administrativos relacionados no antecedente anterior, polo período comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2020 (documentos nº 200130242, 200130243, 200130244, 200130245 e 200130246).



Concello de Vigo

Sexto.- Na sesión de data 10 de agosto de 2020, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte:

“ACORDO

“1º.- Acumular as solicitudes de abono a conta da indemnización de danos e perdas pola suspensión da execución de contratos formuladas pola mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escritos de data 8 de xuño de 2020 (documentos nº 200102258, 20012259, 20012261, 20012262 e 20012264) relativas aos seguintes procedementos:

- Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774-332) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local (en adiante XGL) de data 15 de marzo de 2016
- Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332), adxudicado por acordo da XGL de data 15 de marzo de 2016
- Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332), adxudicado por acordo da XGL de data 27 de novembro de 2015
- Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332), adxudicado por acordo da XGL de data 18 de maio de 2017

2º.- Autorizar os abonos a conta da indemnización de danos e perdas a consecuencia da suspensión da execución dos contratos dos que é adxudicataria a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., citados no apartado anterior, polos seguintes importes relativos aos períodos 1 a 31 de maio de 2020 e 1 a 30 de xuño de 2020 distribuídos por escola e expedientes de gasto:

➤ Período 1 a 31 de maio de 2020:

Expte 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)

Gastos salariais: 13.217,69€

Mantemento Garantía: 23,04€

Pólizas de seguros: 126,75€

Total: 13.367,48€

Expte 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)

Gastos salariais: 9.771,74€

Mantemento Garantía: 99,68€

Pólizas de seguros: 127,28€

Total: 9.998,70€

Expte 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)

Gastos salariais: 11.380,98€

Mantemento Garantía: 99,68€

Pólizas de seguros: 127,26€

Total: 11.607,92€

Expte 17.043/332 (EIM NAVIA)

Gastos salariais: 9.260,36€

Mantemento Garantía: 20,87€

Pólizas de seguros: 122,70€

Total: 9.403,93€

Expte 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)

Gastos salariais: 10.081,56€

Mantemento Garantía: 20,87€

Pólizas de seguros: 118,12€

Total: 10.220,55€

Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:

<i>Escola</i>	<i>Nº expediente</i>	<i>Importe</i>	<i>Operación contable (nº AD)</i>
<i>EIM Santa Marta-Casco Vello</i>	<i>17500-332</i>	<i>13.367,49</i>	<i>202000003283</i>
<i>EIM Santa Cristina-Lavadores</i>	<i>17066-332 (Lote 1)</i>	<i>9.998,70</i>	<i>202000003274</i>
<i>EIM Costeira-Saiáns</i>	<i>17066-332 (Lote 2)</i>	<i>11.607,92</i>	<i>202000003275</i>
<i>EIM Navia</i>	<i>17043-332</i>	<i>9.403,93</i>	<i>202000003272 (ADC 39211)</i>
<i>EIM Mestres Goldar-Castrelos</i>	<i>16774-332</i>	<i>10.220,55</i>	<i>202000003270 (ADC 28584)</i>

➤ *Período 1 a 30 de xuño de 2020:*

Expte 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)

Gastos salariais: 13.217,69€

Mantemento Garantía: 23,04€

Pólizas de seguros: 126,75€

Total: 13.367,48€

Expte 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)

Gastos salariais: 9.771,74€

Mantemento Garantía: 99,68€

Pólizas de seguros: 127,28€

Total: 9.998,70€

Expte 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)

Gastos salariais: 11.380,98€



Concello de Vigo

Mantemento Garantía: 99,68€
Pólizas de seguros: 127,26€
Total: 11.607,92€

Expte 17.043/332 (EIM NAVIA)
Gastos salariais: 9.260,36€
Mantemento Garantía: 20,87€
Pólizas de seguros: 122,70€
Total: 9.403,93€

Expte 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)
Gastos salariais: 10.081,56€
Mantemento Garantía: 20,87€
Pólizas de seguros: 118,12€
Total: 10.220,55€

Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Santa Marta-Casco Vello	17500-332	13.367,49	202000003283
EIM Santa Cristina-Lavadores	17066-332 (Lote 1)	9.998,70	202000003274
EIM Costeira-Saiáns	17066-332 (Lote 2)	11.607,92	202000003275
EIM Navia	17043-332	9.403,93	202000003272 (ADC 39211)
EIM Mestres Goldar-Castrelos	16774-332	10.220,55	202000003270 (ADC 28584)

“

Sétimo.- En data 18 de agosto de 2020, a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (doc nº 200149060, 200149061, 200149064, 200149066, 200149069) escritos de solicitude de indemnización como consecuencia da suspensión dos contratos administrativos de xestión das Escolas infantís municipais de Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns e Santa Marta-Casco Vello (expedientes 16774-332, 17043-332, 17066-332 e 17.500-332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 1 de xullo de 2020 a 16 de xullo de 2020. Complementan esta solicitude coa presentación de nova documentación en data 15 de decembro de 2020 (docs nº 200262263, 200262264, 200262265, 200262266 e 200262267).

Octavo.- En data 17 de decembro de 2020, o técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación informan o seguinte:

“Con data 18 de agosto de 2020, Colegio Los Milagros SL (empresa adxudicataria dos contratos vixentes para a xestión das Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Navia e Mestres Goldar-Castrelos) presenta no Rexistro do Concello de Vigo solicitude de indemnización polos periodos comprendidos entre o 01/07/2020 e o 16/07/2020 (docs 200149069, 200149066, 200149061, 200149064 e 200149060, respectivamente) con motivo da suspensión dos contratos de xestións destas escolas, segundo o RD 8/2020 de 17 de marzo. Con posterioridade, con data 15 de decembro de 2020 presenta no Rexistro Xeral do Concello (docs 200262263 -EIM Costeira-, 200262264 -EIM Mestres Goldar-, 200262265 -EIM Navia-, 200262266 -EIM Sta Cristina- e 200262267 -EIM Sta Marta-) solicitude modificando as cifras indicadas nos escritos anteriores, por recálculo das cantidades a indemnizar, con indicacións detalladas da orixe, contía e xustificación das cantidades polas que solicita indemnización.

En relación ao solicitado:

1º) A Xunta de Goberno Local, en sesión de 9 de abril de 2020, acordou:

- 1) Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de xestión das Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Navia (expedientes 17500-332, 17066-332, 16774-332 e 17043-332) formalizados con Colegio Los Milagros SL como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 (expediente de suspensión 6456-241).*
- 2) A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.*

2º) O "Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19", no seu Artigo 34, establece que:

"Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:

1.º Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.

2.º Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.

3.º Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al período de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.



Concello de Vigo

4.º Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.

- 3º) A Xunta de Goberno Local de 17 de xullo de 2020 adoptou o acordo de "reanudar a execución parcial do contrato de servizos para a xestión das escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expte 17066-332), Navia (expte 17043-332), Mestres Goldar-Castrelos (expte 16774-332) e Santa Marta-Casco Vello (expte 17500-332), o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarán o día 1 de setembro".
- 3º) Nas solicitudes de indemnización, Colegio Los Milagros SL adxunta documentación acreditativa de pago polos seguintes conceptos: Gastos salariais (das traballadoras incluídas nos listados de traballadoras adcritas á empresa a 14/03/2020, tal e como indicaran na comunicación de suspensión de contrato de data 25/03/2020) (hai que ter en conta que Colegio Los Milagros SL inclúe neste concepto a parte proporcional -ao periodo de suspensión- de dúas pagas extraordinarias e do mes de vacacións), Mantemento da Garantía definitiva e Pólizas de Seguro, relativos ao periodo comprendido entre o 1 e o 16 de xullo de 2020.

Unha vez analizada a documentación aportada, coa que o funcionario que subscribe, responsable técnico dos contratos, manifesta a súa conformidade (a expensas de mellor criterio), procede unha indemnización a Colegio Los Milagros SL, pola suspensión dos contratos para a xestión das Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Navia durante o periodo comprendido entre o 1/07 e o 16/07/2020, polos seguintes importes, distribuídos por escola e expedientes de gasto:

Expte 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)

Gastos salariais: 17.089,54€
Mantemento Garantía: 49,84€
Pólizas de seguros: 65,65€
Total: 17.205,03€

Expte 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)

Gastos salariais: 14.145,36€
Mantemento Garantía: 53,16€
Pólizas de seguros: 65,45€
Total: 14.263,97€

Expte 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)

Gastos salariais: 15.551,20€
Mantemento Garantía: 53,16€
Pólizas de seguros: 65,45€
Total: 15.669,81€

Expte 17.043/332 (EIM NAVIA)

Gastos salariais: 12.505,16€
Mantemento Garantía: 11,13€
Pólizas de seguros: 65,44€

Total: 12.581,73€

Expte 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)

Gastos salariais: 15.345,00€

Mantemento Garantía: 11,13€

Pólizas de seguros: 63,00€

Total: 15.419,13€

4º) Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Santa Marta-Casco Vello	17500-332	17.205,03	202000003283
EIM Santa Cristina-Lavadores	17066-332 (Lote 1)	14.263,97	202000003274
EIM Costeira-Saiáns	17066-332 (Lote 2)	15.669,81	202000003275
EIM Navia	17043-332	12.581,73	202000003272 (ADC 39211)
EIM Mestres Goldar-Castrelos	16774-332	15.419,13	202000003270 (ADC 28584)

“

Noveno.- Á vista do anterior informe, formúlase proposta de indemnización á XGL en data 18 de decembro de 2020 e, remitiuse a mesma á Intervención xeral para a previa fiscalización.

Décimo.- En data 14 de xaneiro de 2021, a Intervención xeral procede á devolución do expediente ó servizo xestor porque “Unha vez pechado o exercicio orzamentario 2020 sen terse informados os expedientes (...) actualmente non existe crédito no orzamento en vigor para facer fronte aos gastos derivados dos mesmos (...)”.

Undécimo.- En data 9 de marzo de 2021, o técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación informan o seguinte:

“

Con data 18 de agosto de 2020, Colegio Los Milagros SL (empresa adxudicataria dos contratos vixentes para a xestión das Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Navia e Mestres Goldar-Castrelos) presenta no Rexistro do Concello de Vigo solicitude de indemnización polos periodos comprendidos entre o 01/07/2020 e o 16/07/2020 (docs 200149069, 200149066, 200149061, 200149064 e 200149060, respectivamente) con motivo da suspensión dos contratos de xestións destas escolas, segundo o RD 8/2020 de 17 de marzo. Con posterioridade, con data 15 de decembro de 2020 presenta no Rexistro Xeral do Concello (docs 200262263 -EIM Costeira-, 200262264 -EIM Mestres Goldar-, 200262265 -EIM Navia-, 200262266 -EIM Sta Cristina- e 200262267 -EIM Sta Marta-) solicitude modificando as cifras indicadas nos escritos



Concello de Vigo

anteriores, por recálculo das cantidades a indemnizar, con indicacións detalladas da orixe, contía e xustificación das cantidades polas que solicita indemnización.

En relación ao solicitado:

1º) A Xunta de Goberno Local, en sesión de 9 de abril de 2020, acordou:

- i. Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de xestión das Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Navia (expedientes 17500-332, 17066-332, 16774-332 e 17043-332) formalizados con Colegio Los Milagros SL como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 (expediente de suspensión 6456-241).
- ii. A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.

2º) O "Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19", no seu Artigo 34, establece que:

"Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:

1.º Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.

2.º Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.

3.º Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al período de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.

4.º Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.

3º) A Xunta de Goberno Local de 17 de xullo de 2020 adoptou o acordo de "reanudar a execución parcial do contrato de servizos para a xestión das escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expte 17066-332), Navia (expte 17043-332), Mestres Goldar-Castrelos (expte 16774-332) e Santa Marta-Casco Vello (expte 17500-332), o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarán o día 1 de setembro".

3º) Nas solicitudes de indemnización, Colegio Los Milagros SL adxunta documentación acreditativa de pago polos seguintes conceptos: Gastos salariais (das traballadoras

incluídas nos listados de traballadoras adcritas á empresa a 14/03/2020, tal e como indicaran na comunicación de suspensión de contrato de data 25/03/2020) (hai que ter en conta que Colegio Los Milagros SL inclúe neste concepto a parte proporcional -ao período de suspensión- de dúas pagas extraordinarias e do mes de vacacións), Mantemento da Garantía definitiva e Pólizas de Seguro, relativos ao período comprendido entre o 1 e o 16 de xullo de 2020.

Unha vez analizada a documentación aportada, coa que o funcionario que subscribe, responsable técnico dos contratos, manifesta, a expensas de mellor criterio, a súa conformidade (a empresa adxudicataria xustifica as diferencias que pode haber entre o xustificado e o solicitado -sempre con maior importe o xustificado que o solicitado- pola posible inclusión de outros aspectos no documento que xustifica o gasto), procede unha indemnización a Colegio Los Milagros SL, pola suspensión dos contratos para a xestión das Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Navia durante o período comprendido entre o 1/07 e o 16/07/2020, polos seguintes importes, distribuídos por escola e expedientes de gasto:

Expte 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)

Gastos salariais: 17.089,54€

Mantemento Garantía: 49,84€

Pólizas de seguros: 65,65€

Total: 17.205,03€

Expte 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)

Gastos salariais: 14.145,36€

Mantemento Garantía: 53,16€

Pólizas de seguros: 65,45€

Total: 14.263,97€

Expte 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)

Gastos salariais: 15.551,20€

Mantemento Garantía: 53,16€

Pólizas de seguros: 65,45€

Total: 15.669,81€

Expte 17.043/332 (EIM NAVIA)

Gastos salariais: 12.505,16€

Mantemento Garantía: 11,13€

Pólizas de seguros: 65,44€

Total: 12.581,73€

Expte 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)

Gastos salariais: 15.345,00€

Mantemento Garantía: 11,13€

Pólizas de seguros: 63,00€

Total: 15.419,13€

4º) Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:



Concello de Vigo

<i>Escola</i>	<i>Nº expediente</i>	<i>Importe</i>	<i>Operación contable (nº ADREM)</i>
<i>EIM Santa Marta-Casco Vello</i>	<i>17500-332</i>	<i>17.205,03</i>	<i>202100009389</i>
<i>EIM Santa Cristina-Lavadores</i>	<i>17066-332 (Lote 1)</i>	<i>14.263,97</i>	<i>202100009387</i>
<i>EIM Costeira-Saiáns</i>	<i>17066-332 (Lote 2)</i>	<i>15.669,81</i>	<i>202100009390</i>
<i>EIM Navia</i>	<i>17043-332</i>	<i>12.581,73</i>	<i>202100009388</i>
<i>EIM Mestres Goldar-Castrelos</i>	<i>16774-332</i>	<i>15.419,13</i>	<i>2021000009394</i>

“

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.

En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Non se aboarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá ter executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.

-II-

PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUÍZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e prexuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a



Concello de Vigo

imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder a instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun só pagamento ou mediante pagos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e perdas ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa, nas datas 26 de xuño de 2020 e 10 de agosto de 2020, a Xunta de Goberno Local acordou autorizar abonos a conta da indemnización de danos e prexuízos como consecuencia da suspensión da execución dos contratos de execución de xestión das Escolas Infantís Municipais de Mestres Goldar (exp. 16774-332), Navia (exp. 17043-332), Santa Cristina (exp. 17066-332), Costeira-Saiáns (exp. 17066-332) e Santa Marta (exp. 17500-332).

O contratista presenta solicitudes de indemnización polo período 1 de xullo de 2020 a 16 de xullo de 2020, último período de suspensión toda vez que, a Xunta de Goberno Local en data 17 de xullo de 2020 acordou reanudar a execución parcial do contrato de servizos para a XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE SANTA CRISTINA-LAVADORES, ATALAIÁ-TEIS E COSTEIRA-SAIÁNS (EXPEDIENTE 17.066/332) o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarían o día 1 de setembro.

A solicitude presentada polo contratista encaixa nos supostos indemnizables recollidos no artigo 34.1 do RD 8/2020, refírese ao período no que o contrato estivo en suspenso e, o servizo xestor no seu informe de data 9 de marzo de 2021 expresa a súa conformidade coa documentación aportada e indemnización solicitada polo que, sen perxuízo do que resulte da fiscalización previa da Intervención Xeral, procede acordar a liquidación definitiva da indemnización polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución dos contratos dos que é adxudicataria a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L, suspensión declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o día 16 de marzo de 2020 ata o 16 de xullo.

-III-

ACUMULACIÓN DE EXPEDIENTES

O artigo 57 da LPAC permite que o órgano administrativo que inicie o tramite un procedemento, calquera que fose a forma da súa iniciación, poida acordar, de oficio o a instancia de parte, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver os procedementos.

No caso que nos ocupa, dado que unha mesma empresa e adxudicataria de varios contratos de xestión de escolas municipais, e que formula unha única solicitude, para que se declare polo órgano de contratación a imposibilidade de prestar o servizo polas mesmas circunstancias en todos os casos, non existe inconveniente, ao abeiro da norma citada, en acumular os expedientes e resolver todas as solicitudes nun mesmo acordo.

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Acumular as solicitudes de indemnización de danos e perdas pola suspensión da execución de contratos formuladas pola mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., en escritos de data 18 de agosto e 15 de decembro de 2020 (documentos nº 200149060, 200149061, 200149064, 200149066, 200149069, 200262263, 200262264, 200262265, 200262266 e 200262267) relativas aos seguintes procedementos:

- Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (expediente 16774-332) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local (en adiante XGL) de data 15 de marzo de 2016*
- Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil municipal de Navia (expediente 17043-332), adxudicado por acordo da XGL de data 15 de marzo de 2016*
- Lotes 1 (escola infantil Santa Cristina) e 2 (escola infantil Costeira de Saiáns) do procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial das escolas infantís municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expediente 17066-332), adxudicado por acordo da XGL de data 27 de novembro de 2015*



Concello de Vigo

- Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332), adxudicado por acordo da XGL de data 18 de maio de 2017

2º.- Autorizar a liquidación definitiva da indemnización de danos e perdas a consecuencia da suspensión da execución dos contratos dos que é adxudicataria a mercantil COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., citados no apartado anterior, polos seguintes importes relativos ao período de 1/07/2020 ao 16/07/2020, distribuídos por escola e expedientes de gasto:

Expte 17.500/332 (EIM SANTA MARTA-CASCO VELLO)

Gastos salariais: 17.089,54€

Mantemento Garantía: 49,84€

Pólizas de seguros: 65,65€

Total: 17.205,03€

Expte 17.066/332, Lote 1 (EIM SANTA CRISTINA-LAVADORES)

Gastos salariais: 14.145,36€

Mantemento Garantía: 53,16€

Pólizas de seguros: 65,45€

Total: 14.263,97€

Expte 17.066/332, Lote 2 (EIM COSTEIRA-SAIÁNS)

Gastos salariais: 15.551,20€

Mantemento Garantía: 53,16€

Pólizas de seguros: 65,45€

Total: 15.669,81€

Expte 17.043/332 (EIM NAVIA)

Gastos salariais: 12.505,16€

Mantemento Garantía: 11,13€

Pólizas de seguros: 65,44€

Total: 12.581,73€

Expte 16.774/332 (EIM MESTRES GOLDAR-CASTRELOS)

Gastos salariais: 15.345,00€

Mantemento Garantía: 11,13€

Pólizas de seguros: 63,00€

Total: 15.419,13€

Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados cos números de operación que se indican a continuación na seguinte táboa:

<i>Escola</i>	<i>Nº expediente</i>	<i>Importe</i>	<i>Operación contable (nº ADREM)</i>
<i>EIM Santa Marta-Casco Vello</i>	<i>17500-332</i>	<i>17.205,03</i>	<i>202100009389</i>
<i>EIM Santa Cristina-Lavadores</i>	<i>17066-332 (Lote 1)</i>	<i>14.263,97</i>	<i>202100009387</i>
<i>EIM Costeira-Saiáns</i>	<i>17066-332 (Lote 2)</i>	<i>15.669,81</i>	<i>202100009390</i>

EIM Navia	17043-332	12.581,73	202100009388
EIM Mestres Goldar-Castrelos	16774-332	15.419,13	202100009394

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(241).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES EN RELACIÓN COA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA LOCAL Nº 9 DA RÚA ELDUAYEN. EXPTE. 20420/240.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/03/2021, asinado polo técnico de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- I. L 7 /1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- II. L 33/2003, de 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- III. RD de 24 xullo de 1889, do Código Civil (CC).
- IV. L 29/1994, de 24 novembro, de Arrendamentos Urbanos (LAU)
- V. RD 1372/1986, de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

INFORME –PROPOSTA.

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 5 de marzo do ano que andamos, acordou:

“Primeiro.- Desestimar as alegacións formuladas por D^a Delia Rosende López ó requirimento da Concellería delegada de Patrimonio, do 16 de xaneiro do 2020, para o desaloxo e posta a disposición desta Administración do local nº 9 da rúa Elduayen, ao terse extinguido, con data 1/01/2015, o contrato de arrendamento do local, dacordo coa Disposición Transitoria Terceira da LAU.

Segundo.- Autorizar a D^a Delia Rosende López o uso temporal do local municipal sito nº 9 da rúa Elduayen nas seguintes condicións:

- 1.- A autorización limitarase ao dereito do uso do local municipal, sen que supoña, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.
- 2.- O local adicarase á actividade comercial de “xoiería”, á que xa ven sendo destinado e co fin de liquidar a súa mercadoría, con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.
- 3.- A autorización queda suxeita ó aboamento de 196,64 €/mes, en concepto de canon pola ocupación do dominio, que devengarase dende a data seguinte á da formalización da autorización, e ingresarase na Tesourería municipal mediante procedemento de



Concello de Vigo

autoliquidación dentro dos 10 días seguintes á dita data, e periodicamente no mesmo prazo, sen necesidade de liquidación pola Administración de Tributos nin requirimento para o pagamento.

4.- O prazo da autorización fíxase ata ó 31 de marzo do 2021.(...)”

SEGUNDO.- D^a Delia Rosende López presenta en data 23/03/2021 escrito de alegacións a dito acordo, no que manifesta que o prazo de uso temporal do local é claramente insuficiente ao dispoñer de tan só tres semanas dende a notificación do acordo para poder efectuar a liquidación da mercadoría. O local está adicado ao negocio de xoeira o que exige estritas medidas de seguridade, e requirir do oportuno permiso para poder proceder á liquidación da mercadoría, ao que deberá sumarse a complexa situación que está a acontecer por mor da pandemia SARS-COV2, téndose decretado o estado de alarma, con peches e limitacións horarias no negocio.

Por todo iso solicita se lle autorice o uso temporal do local municipal n.º 9 de Elduayen ata o 31 de maio do 2021, asinando a oportuna autorización administrativa.

TERCEIRO.- O acordo adoptado polo que se outorgaba autorización administrativa á interesada para o uso temporal do local municipal foille notificado en data 10/3/2021, o que leva a estimar procedente a premura e insuficiencia de prazo alegada para poder acometer a liquidación da mercadoría e con iso a pertinencia, polas circunstancias expostas no seu escrito, dunha ampliación do mesmo por dous meses, ata o 31 de maio do 2021.

Conseguentemente, non se aprecia inconveniente en acceder ao solicitado e rectificar o prazo previsto na autorización administrativa, sinalando no seu punto catro que se fixa ata o 31 de maio do 2021, manténdose no demais os termos nos que foi outorgada dita autorización.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“ÚNICO.- Estimar as alegacións presentadas por D^a Delia Rosende López ao acordo da Xunta de Goberno Local do 5/3/2021, polo que se lle outorgaba autorización administrativa para o uso temporal do local municipal nº 9 da rúa Elduayen de Vigo, e ao efecto rectificar o prazo previsto no punto catro da autorización que será ata o 31 de maio do 2021, mantendo no demais o resto das condicións invariables.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(242).- OPERACIÓNS DE SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DAS PARCELAS DO COMPLEXO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “ MAR DE VIGO”. EXPTE. 20641/240.

Dáse conta do informe-proposta de data 26/03/2021, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

Normativa de aplicación.

- Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).
- Lei Hipotecaria de 8 de febreiro de 1946 (LH).
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL).

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- PARCELAS MUNICIPAIS.

O Concello de Vigo é titular das seguintes fincas que constan de alta no Inventario municipal de Bens e Dereitos, e afectadas pola construción do Complexo Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo:

a).- Parcela sita na Avda. Beiramar nº57:

Propietario: Concello de Vigo .

Superficie: Nove mil setecentos cincuenta e sete metros con cincuenta e oito decímetros cuadrados (9.757,58 m²), si ben resulta ter, segundo os puntos xeoreferenciados do seu perímetro, a superficie de NOVE MIL SETECENTOS CINCOENTA E NOVE METROS CUADRADOS (9.759 m²).

Lindeiros:

Norte: Avenida Beiramar.

Sur: Rúa Jacinto Benavente.

Leste: Terreo de dominio público da Autoridade Portuaria de Vigo (Ref. Cat. 2057910NG2725N0001FF).

Oeste: Parcela nº59 da Avda. Beiramar propiedade do Concello de Vigo (Ref. catastral 2057909NG2725N0001OF).

Inscrita no Rexistro da Propiedade n.º 5 de Vigo: Finca rexistral 77822 Tomo 1487, Libro 1487, Folio 80

Referencia Catastral: 2057904NG2725N0001PF

Propiedade nº 3200 do IMBD.

b).- Parcela sita na Avda. Beiramar nº59.

Propietario: Concello de Vigo .

Superficie: Dous mil douscentos trinta e seis metros cuadrados (2.236 m²)

Lindeiros:



Concello de Vigo

Norte: Avenida Beiramar e solar sito na Avda. Beiramar nº59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP).

Sur: Rúa Jacinto Benavente.

Leste: Solar do CONCELLO DE VIGO sito na Avda. Beiramar nº57 (Ref. catastral 2057904NG2725N0001PF).

Oeste: Solar sito na Avda. Beiramar nº59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP) e solar sito na Avda. Beiramar nº61 de REPSOL COMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS (Ref. Cat. 2057902NG2715N0001GP).

Inscrita no Rexistro da Propiedade n.º 5 de Vigo: Finca rexistral 77823, Tomo 1487, Libro 1487, Folio 88

Referencia Catastral: 2057909NG2725N0001OF

Propiedade nº 3199 do IMBD.

c).- Rúa Jacinto Benavente: Inscrita no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo, no Epigrafe I Viales, co Código rueiro 05880. Discorre paralela á Avda. Beiramar tendo a súa orixe e remate nesa mesma avenida, arrancando dende o encontro con ésta, a carón da edificación situada no nº23 da Avda. Beiramar e rematando na zona da Praza da Industria Conserveira.

Lonxitude total da rúa Jacinto Benavente: 1,268 m.

Superficie total: 26.628 m².

SEGUNDO.- Sobre as parcelas 57 e 59 da Avda. Beiramar levouse a cabo a construción do Complexo Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo, ocupando así mesmo a rúa Jacinto Benavente no seu subsolo (nunha superficie de 981 m²) co aparcamento do Auditorio, según informouse polos servizos técnicos municipais.

Co fin de levar a cabo a declaración de obra nova e división horizontal de dito complexo do Auditorio Mar de Vigo, resulta necesario previamente proceder a segregación da superficie de 981 m² da Rúa Jacinto Benavente e posterior agrupación coas parcelas 57 e 59, sobre as que realizouse a construción do complexo.

TERCEIRO.- Polos arquitectos municipais da oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, formulouse en data 22/03/2021 a seguinte "Proposta de segregación dunha parte da superficie da rúa Jacinto Benavente ocupada, e sua agregación ó resto das parcelas do Concello de Vigo, conformando unha única finca nas que sitúanse as edificacións existentes correspondentes co Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo."

Na súa proposta, os técnicos municipais fan unha descripción da parcela a segregarse da rúa Jacinto Benavente, nunha superficie de 891 m², ocupada no subsolo por unha parte da superficie do aparcamento do Complexo Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo; e sua agrupación coas parcelas municipais sitas nos nº 57 e no nº 59 da Avda. Beiramar, dando lugar a unha única parcela resultante de 12.976 m² destinada a albergar dito Complexo Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo.

Ditas operacións describíense do seguinte xeito no informe emitido, achegando xunto co mesmo, planos de data febreiro 2021 a escala 1/1000 coas súas correspondentes coordenadas UTM HUSO 29ETRS89, relativos a:

- Plano 01 Parcela Final Segregada R/Jacinto Benavente
- Plano 02 Parcela Orixe existente Ref.Catastral 2057904NG2725N0001PF
- Plano 03 Parcela Orixe existente Ref.Catastral 2057909NG2725N0001OF.
- Plano 04 Parcela Orixe existente 1A segregada da R/Jacinto Benavente.
- Plano 05 Parcela Final Resultante do Proceso de Agregación.

"Proposta de segregación dunha parte da superficie da rúa Jacinto Benavente ocupada, e sua agregación ó resto das parcelas do Concello de Vigo, conformando unha única finca nas que situanse as edificacións existentes correspondentes co Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo."

Pola presente, e tra-la solicitude da Concellería de Patrimonio do Concello de Vigo, procédese a redacta-lo presente proxecto de segregación dunha parte da superficie da rúa Jacinto Benavente, ocupada na actualidade no seu subsolo por parte da construción doaparcamento do Complexo Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo, co obxeto de obter unha parcela independente do vial público e súa posterior agregación ó resto das parcelas do Concello de Vigo nas que se atopa construído o Auditorio Pazo de Congressos Mar deVigo, conformando unha finca final única nas que se sitúan as edificacións existentes correspondentes co Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

1) PROPOSTA DE SEGREGACIÓN DUNHA PARTE DA RÚA JACINTO BENAVENTE

A rúa Jacinto Benavente atópase inscrita no Inventario Municipal de Bens e Dereitosdo Concello de Vigo, no Epígrafe I Viales, co Código rueiro 05880. Discorre paralela á Avda.Beiramar tendo a súa orixe e remate nesa mesma avenida, arrancando dende o encontro con ésta, a carón da edificación situada no no23 da Avda. Beiramar e rematando na zona da Praza da Industria Conserveira.

Lonxitude total da rúa Jacinto Benavente: 1,268 m.

Superficie total: 26,628 m2.

Plantéxase a segregación do tramo da rúa ocupado no subsolo por unha parte da superficie do aparcamento do Complexo Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo. O tramo que se pretende segregar correspóndese ca lonxitude existente entre as rampas de acceso e saída do aparcamento á rúa Jacinto Benavente, cun ancho variable, pero sensiblemente regular, que se corresponde co tramo de beirarrúa existente entre o límite das dúas parcelas nas que se atopa construído o Auditorio Pazo de Congressos e o Hotel e o tramo asfaltado da rúa Jacinto Benavente.

1A) DESCRIPCIÓN DA PARCELA A SEGREGAR E DA CONSTRUCCIÓN EXISTENTE

Plantéxase a segregación do tramo da rúa ocupado no subsolo por unha parte da superficie do aparcamento do Complexo Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo. O tramo que se pretende segregar correspóndese ca lonxitude existente entre as rampas de acceso e saída do aparcamento á rúa Jacinto Benavente, cun ancho variable, pero sensiblemente regular, que se corresponde co tramo de beirarrúa existente entre o límite das dúas parcelas nas que se atopa construído o Auditorio Pazo de Congressos e o Hotel e o tramo asfaltado da rúa Jacinto Benavente. Ten unha forma alongada, cun ancho medio aproximado de 4,00 m e unha lonxitude total aproximada de 211 m. As características do terreo de 891 m2 a segregar da rua Jacinto Benavente son as seguintes:

Denominación:Parcela da Rúa Jacinto Benavente

Superficie: 891 m2



Concello de Vigo

Lindeiros :

Norte: solar sito na Avda. Beiramar no57 (propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3200 e Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF) e solar sito na Avda. Beiramar no59 (propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3199 e Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF).

Sur, Leste e Oeste: rúa Jacinto Benavente.

XEOREFERENCIA DA PARCELA RESULTANTE

Ref.Punto Doc.Gráfica	U.T.M. HUSO: 29 ETRS89	
	X	Y
P19	521992,59	4675609,59
P39	521995,09	4675611,04
P40	521997,87	4675616,82
P41	522000,45	4675625,22
P42	522004,56	4675623,94
P43	522000,89	4675612,01
P44	521931,40	4675467,84
P45	521930,45	4675459,39
P46	521927,79	4675453,87
P47	521915,70	4675430,85
P48	521909,38	4675433,90
P24	521926,22	4675466,56
P23	521934,28	4675481,87
P22	521934,69	4675482,65
P21	521956,01	4675527,67
P20	521985,82	4675590,63
P19	521992,59	4675609,59

1B).- DESCRIPCIÓN DO ESTADO FINAL DA PARCELA ORIXE

A rúa Jacinto Benavente, parcela orixe da segregación proposta, mantén o seu trazado paralelo á Avda. Beiramar tendo a súa orixe e remate nesa mesma avenida, arrancando dende o encontro con ésta, a carón da edificación situada no no23 da Avda. Beiramar e rematando na zona da Praza da Industria Conserveira. Lonxitude total final da rúa Jacinto Benavente tra-la segregación: 1,268 m. Superficie total final da rúa Jacinto Benavente tra-la segregación: 25,647 m2.2)

2) PROPOSTA DE AGREGACIÓN DE FINCAS CORRESPONDENTES Ó COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO"

Procédese a redacta-lo proxecto de agregación de tres fincas nas que se atopa construído o Complexo Auditorio Pazo de Congresos "Mar de Vigo" co obxecto final de obter unha finca final única que se corresponda cas edificacións existentes no Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo.

2A) FINCAS OBXETO DE AGREGACION: As tres parcelas que se pretenden agregar son as seguintes:

A).- Parcela sita na Avda. Beiramar no57, propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3200 e con Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF.

B).- Parcela sita na Avda. Beiramar no59, propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3199 e con Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF.

C).- Parcela (1A) de 981 m2 obtido da segregación de parte da superficie da rúa Jacinto Benavente, sen número catastral.

A continuación damos conta das características de cada unha das fincas orixe e das edificacións existentes nelas.

a).- Parcela sita na Avda. Beiramar no57:

Propietario: Concello de Vigo .

Superficie: Nove mil setecentos cincuenta e sete metros con cincuenta e oito decímetros cadrados (9.757,58 m2), si ben resulta ter, segundo os puntos xeoreferenciados do seu perímetro, a superficie de NOVE MIL SETECENTOS CINCOENTA E NOVE METROS CUADRADOS (9.759 m2).

Lindeiros:

Norte: Avenida Beiramar.

Sur: Rúa Jacinto Benavente.

Leste: Terreo de dominio público da Autoridade Portuaria de Vigo (Ref. Cat. 2057910NG2725N0001FF).

Oeste: Parcela no59 da Avda. Beiramar propiedade do Concello de Vigo (Ref. catastral 2057909NG2725N0001OF).

Inscrita no Rexistro da Propiedade n.o 5 de Vigo: Finca rexistral 77822 Tomo 1487, Libro 1487, Folio 80

Referencia Catastral: 2057904NG2725N0001PF

Propiedade no 3200 do IMBD.

No nivel de soto existe un aparcamento para o conxunto de usos do complexo, ademais de diversos cuartos de instalacións. O aparcamento existente neste nivel de soto -1 (cota -3,55 m) ten parte da súa superficie nesta finca de Avda Beiramar no57 (Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF) e outra parte nas fincas lindantes (finca sita na Avda. Beiramar no59, con Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF, e nova finca sen número catastral resultado da segregación dunha parte da rúa Jacinto Benavente). Nos niveis superiores atópanse unha superficie construída sen uso (prevista para un uso comercial), un auditorio/pazo de congresos, zonas de oficinas e un espazo de restaurante, cos correspondentes espazos reservados para as instalacións e zonas de comunicación e acceso para os diversos usos.

(...)

b).- Parcela sita na Avda. Beiramar no59.

Propietario: Concello de Vigo .



Concello de Vigo

Superficie: Dous mil douscentos trinta e seis metros cuadrados (2.236 m²)

Lindeiros:

Norte: Avenida Beiramar e solar sito na Avda. Beiramar no59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP).

Sur: Rúa Jacinto Benavente.

Leste: Solar do CONCELLO DE VIGO sito na Avda. Beiramar no57 (Ref. Catastral 2057904NG2725N0001PF).

Oeste: Solar sito na Avda. Beiramar no59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP) e solar sito na Avda. Beiramar no61 de REPSOL COMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS (Ref. Cat. 2057902NG2715N0001GP) .

Inscrita no Rexistro da Propiedade n.o 5 de Vigo: Finca rexistral 77823, Tomo 1487, Libro 1487, Folio 88

Referencia Catastral: 2057909NG2725N0001OF

Propiedade no 3199 do IMBD.

No nivel de soto existe un aparcamento para o conxunto de usos do complexo, ademáis de diversos cuartos de instalacións. O aparcamento existente neste nivel de soto -1 (cota -3,55 m) ten parte da súa superficie nesta finca de Avda. Beiramar no59, con Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF e outra parte nas fincas lindantes (finca sita na Avda Beiramar no57 Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF, e nova finca sen número catastral resultado da segregación dunha parte da rúa Jacinto Benavente).

Ademáis do aparcamento sito no subsolo, no solar existe unha edificación sobre rasante que acolle, ademáis de un hotel, un espazo comercial sen uso e un espazo de oficinas cedido o Concello de Vigo.

(...)

c) .- Parcela (1A) de 981 m² obtido da segregación de parte da superficie da rúa Jacinto Benavente

Denominación:Parcela da Rúa Jacinto Benavente

Superficie: 891 m²

Lindeiros :

Norte: solar sito na Avda. Beiramar no57 (propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3200 e Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF) e solar sito na Avda. Beiramar no59 (propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3199 e Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF).

Sur, Leste e Oeste: rúa Jacinto Benavente.

No nivel de soto existe un aparcamento para o conxunto de usos do complexo, ademáis de diversos cuartos de instalacións. O aparcamento existente neste nivel de soto -1 (cota -3,55 m) ten parte da súa superficie nesta finca e outra parte nas fincas lindantes (finca sita na Avda Beiramar no57 con Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF e finca sita na Avda.Beiramar no59, con Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF).

Non existen outro tipo de construcións nesta finca polo que somente conta con uso construído no nivel -3,55 m.

A superficie construída de aparcamento abrangue os 981 m² do solar.

(...)

2B) AGREGACIÓN das fincas correspondentes ó COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO"

Procédese a agregación das tres fincas (parcela 57 de 9.759 m²; parcela 59 de 2.236 m², e a de 891 m² segregada da rúa Jacinto Benavente), nas que se atopa construído o Complexo Auditorio Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, resultando da agrupación unha parcela coas seguintes características:

Situada en Vigo, na Avenida Beiramar no57-59, cunha superficie segundo puntos xeoreferenciados do seu perímetro de DOCE MIL NOVECIENTOS SETENTA E SEIS METROS CUADRADOS (12.976 m²) destinado a Auditorio – Pazo de Congressos, Hotel, Ocio e Comercio.

Propietario: CONCELLO DE VIGO (P-3605700H)

Lindeiros:

Norte: Avenida Beiramar e parcela sita na Avda. Beiramar no59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP).

Sur: rúa Jacinto Benavente.

Leste: Terreo de dominio público da Autoridade Portuaria de Vigo (Ref. Cat. 2057910NG2725N0001FF) e rúa Jacinto Benavente.

Oeste: parcela sita na Avda. Beiramar no59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP), parcela sita na Avda. Beiramar no61 de REPSOLCOMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS (Ref. Cat. 2057902NG2715N0001GP) e rúa Jacinto Benavente.

(...)

XEOREFERENCIA DO SOLAR FINAL RESULTANTE DA AGREGACIÓN

	U.T.M. HUSO: 29 ETRS89	
Ref.Punto Doc.Gráfica	X	Y
P02	521870,48	4675493,66
P03	521878,00	4675509,25
P04	521880,04	4675513,49
P05	521881,80	4675517,13
P06	521883,09	4675519,82
P07	521883,10	4675519,84
P08	521889,66	4675533,45
P09	521899,92	4675554,75
P10	521903,88	4675562,97
P11	521904,12	4675563,46
P12	521906,70	4675568,80
P13	521906,93	4675569,30
P14	521930,04	4675617,26
P15	521935,55	4675628,69
P16	521937,58	4675632,90
P17	521938,62	4675635,06
P18	521939,52	4675634,63



Concello de Vigo

P19	521992,59	4675609,59
P39	521995,09	4675611,04
P40	521997,87	4675616,82
P41	522000,45	4675625,22
P42	522004,56	4675623,94
P43	522000,89	4675612,01
P44	521931,40	4675467,84
P45	521930,45	4675459,39
P46	521927,79	4675453,87
P47	521915,70	4675430,85
P48	521909,38	4675433,90
P26	521904,62	4675424,66
P27	521883,39	4675435,51
P28	521877,67	4675438,44
P29	521877,95	4675438,99
P30	521879,55	4675442,17
P31	521880,56	4675444,17
P32	521880,90	4675444,86
P33	521883,59	4675450,15
P34	521886,87	4675456,61
P35	521881,41	4675459,37
P36	521874,61	4675462,82
P37	521859,01	4675470,72
P38	521870,31	4675493,29
P02	521870,48	4675493,66

Fundamentos de Dereito:

PRIMEIRO.- A actual Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, seguindo o xa disposto no TRLRL ou na LALG, establece o deber de todas as Administracións de inscribir nos correspondentes Rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio, xa sexan demaniais ou patrimoniais, que sexan susceptibles de inscrición, como os actos e contratos referidos a eles que poidan ter acceso ao rexistro.(art. 36.1 LPAP).

SEGUNDO.- Así mesmo, dispón que a inscrición no rexistro da propiedade practícase de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e na LPAP. Neste senso, preve a LPAP que as operacións de agrupación, división, agregación e segregación de fincas e demais sinaladas no art. 206 da LH practícase mediante traslado da disposición administrativa en

cuxa virtude se verifique, ou mediante a certificación prevista en dito artigo, sempre que non afecte a terceiros. (art. 37.1 e 2 LPAP).

TERCEIRO.- Consecuente, procede levar a cabo as operacións de segregación e agregación descritas e reflexadas na proposta técnica e planos anexos citados anteriormente, conformando unha única finca nas que situanse as edificacións existentes do Complexo Auditorio Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, dando lugar a parcela de 12.976 m² destinada a Auditorio–Pazo de Congressos, Hotel, Ocio e Comercio.

A adopción da correspondente resolución administrativa polo que se acorde a agrupación das parcelas, dará lugar o seu traslado ó Rexistro da Propiedade, xunto co informe técnico e planos nos que se basa, para a inscrición de dita operación. Así mesmo, conleva unha rectificación do Inventario municipal de Bens e Dereitos, debendose actualizar os datos correspondentes ó vial municipal e as propiedades nº3199 e 3200, afectadas pola agrupación.

Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: SEGREGAR da Rúa Jacinto Benavente a seguinte finca, dunha superficie de 891 m²:

Denominación: Parcela (1A) da Rúa Jacinto Benavente

Superficie: 891 m²

Lindeiros :

Norte: solar sito na Avda. Beiramar nº57 (propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3200 e Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF) e solar sito na Avda. Beiramar nº59 (propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3199 e Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF).

Sur, Leste e Oeste: rúa Jacinto Benavente.

XEOREFERENCIA DA PARCELA RESULTANTE

Ref.Punto Doc.Gráfica	U.T.M. HUSO: 29 ETRS89	
	X	Y
P19	521992,59	4675609,59
P39	521995,09	4675611,04
P40	521997,87	4675616,82
P41	522000,45	4675625,22
P42	522004,56	4675623,94
P43	522000,89	4675612,01
P44	521931,40	4675467,84
P45	521930,45	4675459,39



Concello de Vigo

P46	521927,79	4675453,87
P47	521915,70	4675430,85
P48	521909,38	4675433,90
P24	521926,22	4675466,56
P23	521934,28	4675481,87
P22	521934,69	4675482,65
P21	521956,01	4675527,67
P20	521985,82	4675590,63
P19	521992,59	4675609,59

Trala segregación acordada, a Rúa Jacinto Benavente resultante, descríbese do seguinte xeito:

Rúa Jacinto Benavente, Código rueiro 05880 do IMBD, co orixe e remate na Avda. Beiramar, arrancando dende o encontro con ésta, a carón da edificación situada no nº23 da Avda. Beiramar e rematando na zona da Praza da Industria Conserveira.

Lonxitude total: 1.268 m.

Superficie total: 25.647 m².

SEGUNDO: AGRUPAR as parcelas de titularidade municipal (parcela 57 de 9.759 m²; parcela 59 de 2.236 m², e parcela 1A de 891 m² segregada da rúa Jacinto Benavente), conforme coa proposta de data 22/03/2021 dos arquitectos municipais da oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, nunha única parcela de 12.976 m² e a seguinte descripción:

Situada en Vigo, na Avenida Beiramar nº57-59, cunha superficie segundo puntos xeoreferenciados do seu perímetro de DOCE MIL NOVECIENTOS SETENTA E SEIS METROS CUADRADOS (12.976 m²) e destinada a Auditorio–Pazo de Congressos, Hotel, Ocio e Comercio.

Propietario: CONCELLO DE VIGO (P-3605700H)

Lindeiros:

Norte: Avenida Beiramar e parcela sita na Avda. Beiramar nº59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP).

Sur: rúa Jacinto Benavente.

Leste: Terreo de dominio público da Autoridade Portuaria de Vigo (Ref. Cat. 2057910NG2725N0001FF) e rúa Jacinto Benavente.

Oeste: parcela sita na Avda. Beiramar nº59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP), parcela sita na Avda.

Beiramar nº61 de REPSOL COMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS (Ref. Cat. 2057902NG2715N0001GP) e rúa Jacinto Benavente.

XEOREFERENCIA DO SOLAR FINAL RESULTANTE DA AGRUPACION

Ref.	U.T.M. HUSO: 29 ETRS89	
Ref.Punto Doc.Gráfica	X	Y
P02	521870,48	4675493,66
P03	521878,00	4675509,25
P04	521880,04	4675513,49
P05	521881,80	4675517,13
P06	521883,09	4675519,82
P07	521883,10	4675519,84
P08	521889,66	4675533,45
P09	521899,92	4675554,75
P10	521903,88	4675562,97
P11	521904,12	4675563,46
P12	521906,70	4675568,80
P13	521906,93	4675569,30
P14	521930,04	4675617,26
P15Ref.	521935,55	4675628,69
P16	521937,58	4675632,90
P17	521938,62	4675635,06
P18	521939,52	4675634,63
P19	521992,59	4675609,59
P39	521995,09	4675611,04
P40	521997,87	4675616,82
P41	522000,45	4675625,22
P42	522004,56	4675623,94
P43	522000,89	4675612,01
P44	521931,40	4675467,84
P45	521930,45	4675459,39
P46	521927,79	4675453,87
P47	521915,70	4675430,85
P48	521909,38	4675433,90



Concello de Vigo

P26	521904,62	4675424,66
P27	521883,39	4675435,51
P28	521877,67	4675438,44
P29	521877,95	4675438,99
P30	521879,55	4675442,17
P31	521880,56	4675444,17
P32	521880,90	4675444,86
P33	521883,59	4675450,15
P34	521886,87	4675456,61
P35	521881,41	4675459,37
P36	521874,61	4675462,82
P37	521859,01	4675470,72
P38	521870,31	4675493,29
P02	521870,48	4675493,66

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo, interesando a inscrición da agrupación acordada."

CUARTO.- Proceder a rectificación do Inventario Municipal de Bens e Deritos no seu Epigrafe I, ó efecto de reflexar a segregacion e agrupacion aprobadas, dando lugar as seguintes operacións:

- Rectificación: No Ep. I -Viales, rectificarse a Rúa Jacinto Benavente, co Código rueiro 05880 do IMBD, reflexando a lonxitude 1.268 m e superficie total de 25.647 m²

- Baixa: No EP. I Inmobles, producirá a sua baixa as propiedade n.º 3199 e 3200.

- Alta: No EP. I Inmobles, producirá alta a parcela resultante da agupación aprobada, coa denominación de COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO", cunha superficie de 12.976 m², e natureza xurídica demanial"

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(243).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGUER DO INMOBLE PARA USO DE HOTEL DO COMPLEXO AUDITORIO MAR DE VIGO, E REAXUSTE DA RENDA. EXPTE. 20714/240.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 26/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 26/03/2021, asinado pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, de data 13 de novembro de 2017, dispúxose o cese total da actividade de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que finalizou o 31 de marzo de 2018; data na que se produxo a recepción de dita obra pública polo Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data e 9.03.2018 acordou dispoñer a continuación e no resolución, de diferentes contratos concertados por Pazo de Congresos de Vigo S.A. Entre os mencionados contratos, atópase o contrato de aluguer do inmoble para uso de Hotel, suscrito coa sociedade BOREALIS HOTELS S.L.U. E e HOTELES TURISTICOS REUNIDOS, e cuio prazo finaliza o 31 de marzo de 2021.

II.- En data 2 de marzo de 2021, Amancio López Seijas, en representación das mercantís, solicita se modifique o contrato de aluguer debido á situación económica consecuencia dos efectos da pandemia provocada polo COVID 2019, ante a imposibilidade de asumir o pago da renda prevista no contrato, ademais dunha prórroga do contrato por un período de 13 anos e subsidiariamente 3 anos e 6 meses.

III.- A medio de resolución do 8 de marzo de 2021, a Concelleira delegada de Xestión municipal, Patrimonio e Contratación acorda iniciar o correspondente procedemento administrativo para no seu caso, prorrogar o contrato de aluguer do inmoble do Auditorio Mar de Vigo na avda. de Beiramar, destinado a hotel, suscrito coas sociedades BOREALIS HOTELS S.L.U. e HOTUSA, e revisión da renda de aluguer como consecuencia dos efectos sobre a economía da pandemia provocada polo virus SARS COVID 2019.

IV.- Remitidas á arrendataria propostas de reformulación das condicións da prórroga e axuste da renda, en data 25.03.2021 suscriben o proxecto de proposta que agora se tramita

V.- En data 11.03.2021 o responsable do Control Orzamentario, Contabilidade e Tesourería emite informe sobre os custos a soportar polo Concello no suposto de extinción do contrato de aluguer e o interese público en acordar unha prórroga do contrato.

VI.- Tense recabado informe xurídico sobre os axustes contractuais a un gabinete especializado, J&A Garrigues S.L.P, informe de data 24.03.2021, que se anexa ao expediente.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Preceptos de aplicación plena e básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións públicas
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento de patrimonio das administracións públicas
- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos, preceptos de aplicación supletoria
- Lei 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos
- Código Civil
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Contrato de aluguer suscrito entre o 17 de febreiro de 2014 entre Pazo de Congressos S.A e BOREALIS HOTELS S.L.U. e HOTUSA

II.- Natureza e réxime xurídico do contrato de aluguer suscrito

II.1.- Como premisa deste informe-proposta, debe sinalarse que o Concello de Vigo ostenta a posición de arrendataria en virtude da subrogación acordada pola Xunta de Goberno local o 9 de marzo de 2018, pola que pasa a substituír a Pazo de Congressos nos dereitos e obrigas concertados no contrato de aluguer, sen que o Concello de Vigo teña aprobado nin pactos nin condicións reguladoras dos dereitos e obrigas das partes polas que se rexiría o vixente contrato privado, tal e como dispón o artigo 112.2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións públicas; é dicir, o Concello non se ten manifestado sobre o contido concreto das cláusulas de aluguer, incluído o prazo contractual, procedendo a tomar o acordo de subrogación como consecuencia do disposto no Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, de data 13 de novembro de 2017.

II.2.- Dito queda, pasamos a informar sobre o réxime xurídico dos contratos de aluguer:

-A lexislación de contratos do sector público non é de aplicación aos contratos de aluguer mais que para resolver dúbidas ou lagoas que se poideran presentar, artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), expresamente o artigo 9 apartados 1 e 2, exclúe da aplicación da lei contractual a tódolos os contratos de explotación de bens patrimoniais (igual que para os bens de carácter demanial) e aos contratos de aluguer sobre bens inmoables, que terán SEMPRE O CARÁCTER DE CONTRATOS PRIVADOS e rexiranse pola lexislación patrimonial.

-Tratándose dun ente local, a súa lexislación patrimonial é o RBEL, así como a Lei de

patrimonio das administracións públicas en canto ós preceptos de aplicación plena e básica e, supletoriamente, no non regulado no propio RBEL. O artigo 92 RBEL ten sido derogado por contradecir á lexislación de contratación, polo que debemos acudir ao disposto na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións públicas (LPAP), a cal no seu artigo 106.1, precepto de aplicación básica, permite que a explotación de bens patrimoniais se poda efectuar a través de calquier negocio típico ou atípico, (o contrato de aluguer é un contrato típico), remitíndose ao capítulo 1 do Título V en canto ao réxime xurídico deste contrato; así o art 110 LPAP dispón que os contratos patrimoniais rexiranse en canto a súa preparación e adxudicación pola lei patrimonial e disposicións de desenvolvemento, e no non previsto nestas normas, pola lexislación de contratos das administracións públicas. Os seus efectos e extinción regularanse pola lei patrimonial e polas normas de dereito privado, concretamente Lei de alugueiros urbanos .

O artigo 7.3 LPAP, dentro do Título Preliminar e no mesmo senso reflectado expresa que o réxime de adquisición, administración, defensa e enaxenación dos bens e dereitos patrimoniais será o previsto nesta lei e nas disposicións que a desenvolven ou complementen. Supletoriamente, aplicaranse as normas de dereito administrativo, en tódalas cuestións relativas á competencia para adoptar os correspondientes actos e ao procedemento que ha de seguirse para elo, e as normas del Dereito privado no que afecte aos restantes aspectos do seu réxime xurídico.

III.-Prórroga do contrato

De conformidade co réxime xurídico aplicable, para analizar a posibilidade da prórroga debemos acudir á lexislación patrimonial e ás normas de dereito privado, normativa de aplicación para os efectos e extinción do contrato de aluguer.

III.1.- O contrato regula na cláusula cuarta a súa duración:

“...4.1.- Prazo de duración inicial

O prazo de duración inicial do presente contrato é ata o 31 de marzo de 2021, sendo este prazo obrigatorio para as partes

4.2.- Obrigatoriedade do prazo

O prazo de duración pactado é un elemento esencial do contrato para a arrendadora sen o cal non se tivera celebrado o contrato ou o tivera sido en condicións mais gravosas para a arrendataria. Por elo non está permitido a arrendataria desistir do contrato con efectos resolutorios, agás o suposto excepcional e nas condicións indicadas na estipulación 4.3¹....

4.4.- Restitución do inmovible

O 31 de marzo de 2021 ou o 31 de marzo de 2016, de ter exercitado a alugueira en tempo e forma a súa facultade de desistimento, o contrato extinguirase de pleno dereito e, sen necesidade de requerimento especial, a ALUGUEIRA deberá proceder á devolución á ALUGADORA das chaves e a libre posesión e disposición do INMOBLE, e os seus

1 A cláusula 4.3 regula a facultade excepcional de desestimento da alugueira



Concello de Vigo

accesorios, no estado pactado no presente contrato, co mobiliario descrito no anexo nº 6 e o novo mobiliario que teña adquirido a ALUGUEIRA como axuda á implantación hoteleira pagada pola ALUGADORA segundo previsto no estipulación 2.1, debendo retirar a ALUGUEIRA os demais elementos e/ou mobles e/ou enseres que teña instalado pola súa conta para a explotación do hotel, entendéndose noutro caso abandonados.

A ALUGUEIRA queda requerida de elo dende este momento oas efectos do disposto no artigo 1.566 do Código Civil , polo que non caberá a tácita reconducción do contrato”

O contrato, xa que logo no contempla estipulación sobre a prórroga e condicións, aínda que fala de “prazo inicial”, a estipulación 4 non regulou outros prazos, o que non é óbice para que se poida acordar en virtude do disposto na normativa reguladora do contrato, sempre que sexa de interese público municipal, tal e como se xustifica no informe emitido polo Servizo de control orzamentario de data 11.03.2021 e referido no apartado III.3 desta proposta

III.2.- Neste contexto, cabe referir a excepcional crise económico e social sen parangón nos últimos cen anos, que ten paralizado certos sectores económicos, como o comercio, hostelería e TURISMO, provocando a caída de importantes indicadores económicos que alertan dunha recesión, ¹cuios efectos continúan na data e sen claridade en canto ao horizonte temporal: O 30 de xaneiro de 2019, o Organización mundial da saúde declarou que a situación provocada pola expansión do COVID 19, supón unha emerxencia de saúde pública de carácter internacional, e o 10 de marzo declarou que o coronavirus se tiña convertido nunha pandemia global.

Ante a situación de emerxencia de saúde pública e pandemia internacional, o Gobierno aprobou o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión de la situación de crise sanitaria ocasionada por el COVID-19. A contención da progresión da enfermidade ten suposto e e supón limitacións temporais á libre circulación xunto coa redución da oferta laboral debido ás medidas de corentena e contención. Estas circunstancias tradúcense nunha perturbación conxunta da demanda e oferta para a economía española.

A orde SND/257/2020, de 19 de marzo, declara a suspensión de apertura ao público de establecementos de aloxamento turístico, de acordo con el artículo 10.6 del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

O Real Decreto 463/2020, viuse seguido de seis prórrogas do estado de alarma.

Dende a flexibilización das medidas relativas ao COVID-19, se ten producido, nos distintos territorios, un empeoramiento da evolución da pandemia Hoxendía a situación excepcional de estado de alarma prolongada polo Gobierno de España mediante *Real Decreto 956/2020, de 3 de noviembre, por el que se prorroga el estado de alarma declarado por el Real Decreto 926/2020, de 25 de octubre, por el que se declara el estado de alarma para contener la propagación de infecciones causadas por el SARS-CoV-2*, conleva restriccións das mobilidade e liberdade de empresa, co conseguinte peche de establecementos, sendo difícil imaxinar unha situación mais grave que a causada pola pandemia. Tras o R Decreto

1 Axencia de datos de Europa Press, febreiro 2021, <https://www.epdata.es/datos/impacto-economico-coronavirus-graficos/523>

956/2020, téñense adoptado numerosas, sucesivas e cambiantes medidas restrictivas á libre circulación das persoas en todo o territorio nacional (non só en España, senón tamén nos países de orixe da maior parte dos turistas), con limitacións aos horarios de apertura de establecementos especialmente no ámbito da hostelería, e incluso o confinamento horario ou "toque de queda" en numerosas comunidades autónomas, medidas que teñen unha incidencia moi nociva no turismo.

Nesta coiuntura de extrema gravidade cujos efectos continúan na data e con claras repercusións que ten provocado afeccións sobre as perspectivas municipais en canto ás condicións de explotación (enaxenación) dos bens propiedade do Concello de Vigo, ante a alteración das condicións do mercado de libre compravenda cujos efectos continúan unha vez finaliza o prazo do aluguer, permanencia da situación excepcional do estado de alarma, coa notoria limitación da demanda, sen que percibamos un horizonte certo para recuperar as actividades económicas ás condicións anteriores a marzo de 2020.

III.3.- En data 11.03.2021, o Xefe de Contabilidade e Tesorería emtie informe sobre o interese publico municipal en continuar co aluguer facendo un estudo dos custos e ingresos deixados de percibir non suposto de peche do establecemento, e que cifra en 1.147.581.,24 euros; análise estimativo que debe servir para un posicionamento económico sobre as vantaxes de manter o inmovble en réxime de aluguer en tanto non mellores as expectativas de venda deste inmovble, datos que se transcriben

Análise cuantitativo dos custes e ingresos polo peche da instalación		
Unha aproximación		
A) Custes	Mes	Ano
Seguros, inmovble e equipos	1.675,00	
Amortización do inmovble	19.471,00	
Amortización de mobles, maquinaria, equipos informáticos	5.000,00	
Mantemento técnico ordinario de peche (Aire, Calefacción, Refrixerac., outra mqu.)	4.400,00	
Mantemento informático hardware+software	1.500,00	
Alarmas en funcionamento	750,00	
Mantemento elevadores	650,00	
Vixilancia 24 horas	20.109,60	
Cota comunidade	5.167,00	
Cotas enganche e mínimos de consumo (auga, alcant.saneamento, elect.,gas)	3.000,00	
Custe medio traballador de arranque e parada sistemas, atención diaria	3.500,00	
Limpeza básica de mantemento de imaxe institucional	1.500,00	
Non previstos, 5%	3.336,00	
Total Gastos	70.058,60	840.703,20
B) Ingresos		
IAE, deixado de ingresar, prorrata mensual	1.500,00	
IBI, a costa do arrendatario, prorrata mensual	3.575,00	
EUI, prorrata mensual	190,00	
50% da renda actual (40.616,34/2)	20.308,17	
Total ingresos deixados de percibir	25.573,17	306.878,04
Total (A+B)		1.147.581,24



Concello de Vigo

Asemade, o xefe de Tesourería. Orzamentos e Contaibilidade, senta as base no seu informe para acordar co alugatario un plan de pagos da débeda acumulada, cun fraccionamento desta nun período entre 24 e 36 meses, debendo o arrendatario en base a esas premisas presentar plan de fraccionamento.

Conclúe que o interese económico do Concello é manter a instalación en funcionamento, cunha renda compatible con ese obxectivo, no contexto de oportunidade económica que vai ser o que mellor represente aos intereses municipais.

III.4.- Xustificado queda o interese público municipal para acordar unha prórroga do contrato:

- importante gasto imprevisto nos orzamentos no que incurriría o Concello Vigo co peche do hotel, segundo informe da Xefatura de Orzamentos, Tesorería e Contaibilidade;
- a maior abastanza, deterioro por falta de uso e mantemento das instalacións hoteleiras, circunstancia que incrementaría o gasto público do Concello;
- situación de gravísima crise económica provocada pola pandemia, con afeccións sobre o mercado inmobiliario, de xeito que semella neste tempo inapropiado tanto acordar un novo alugamento, por falta de concurrencia pública e minusvaloración do inmovible, como proceder a enaxenar por medio de compravenda o hotel, ademais de tódalas operacións preparatorias deste posible contrato de compravenda que se están a realizar e non finalizadas (depuración de tódolos bens integrantes do complexo Auditorio Mar de Vigo, segregacións e agrupacións parcelarias, declaración de obra nova, división horizontal, redacción dos estatutos de funcionamento do complexo, valoración de obras a acometer para a separación das galerías de servicios urbanos ao inmovible, etc)
- o específico destino e uso do inmovible como hotel, edificio adaptado e acondicionado para aloxamento turístico, sen que sexa unha actividade propia municipal a explotación e xestión de hoteis.

Resta por avaliar a legalidade de tal pacto. Definido o réxime xurídico do contrato, (lexislación patrimonial e normas de dereito privado, LAU e Código civil) na regulación contida nos artigos 29 e seguintes da Ley 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos no arrendamento para uso distinto ao de vivenda, non se establece un prazo de duración mínimo deste, polo que no contrato de arrendamento de local de negocio estarase ao libremente pactado polas partes no contrato en virtude do exercicio da súa liberdade contractual, principio recollido tanto no artigo 1255 Cc , coma no artigo 111 LPAP en canto opta liberdade de pactos con meridiana claridade nos seguintes termos: *os contratos, convenios e demais negocios xurídicos sobre os bens e dereitos patrimoniais están suxeitos ao principio de liberdade de pactos. A Administración pública poderá, para a consecución do interese público, concertalas cláusulas e condicións que teña por conveniente, sempre que no sean contrarias ao ordenamento xurídico, ou aos principios de boa administración.*

En canto ó prazo da prórroga, como queira que nin a LAU nin o contrato de aluguer no que o

Concello se ten subrogado, se fixa un prazo mínimo, se estará ao mentado principio de liberdade de pactos dos artigos 111 LPAP e 1255 Cc, en canto habilita ao Concello a concertar, para conquistar o interese público, as cláusulas e condicións que teña por conveniente, sempre que non sexan contrarias ao ordenamento xurídico, ou aos principios de boa administración.

Sendo a prórroga facultativa, e xustificada no interese público municipal nos termos referidos, semella contario ao mesmo gravar a propiedade cun prazo excesivo de aluguer, 13 anos solicita a representación da alugueira, máxime na situación de incertidumbre sobre o mercado inmobiliario e os seus efectos sociais e laborais.

A contrario sensu, diversas circunstancias aconsellan que a prórroga sexa reducida:

- a situación de incertidumbre sobre a evolución dos efectos da pandemia e situación de solvencia e a curto prazo das sociedades non financeiras;
- o carácter restrictivo na imposición de cargas sobre os bens municipais;
- a preceptiva concurrencia pública que o Concello debe promover cando se está a preparar e adxudicar un contrato privado como o de aluguer;
- a non previsión de prórroga no contrato subrogado,
- a limitación de prazo imposta no apartado 4 do artigo 107 LPAP, en canto refire que a petición da adxudicataria poderá prorrogar o contrato por un prazo que non exceda a metade do inicial, se o resultado da explotación aconsellase esta medida (o prazo estipulado no contrato de aluguer é de sete anos e catorce días);
- a concreción, a falta de norma específica, no artigo 10 LAU para os alugueres de vivanda, a prórroga por prazos anuais ata un máximo de tres;
- o disposto nos artigos 1.566 e 1.581 CC en canto á tácita recondución anual;
- e sobre todo, os principios que debe observar o Concello de Vigo na administración e defensa do inmovible da Avda. de Beiramar especificados no artigo de aplicación básica, 8 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, principios de eficiencia i economía na súa xestión, eficacia e rentabilidade na explotación, publicidade, transparencia, concurrencia e obxectividade na explotación do inmovible, e defensa do edificio exercitando as accións oportunas, art 9 do Regulamento de Bens e Dereitos das entidade locais,

De conformidade co exposto, en atención ao interese público municipal acreditado, efectos da pandemia, incremento do gasto corrente de forma imprevista e sobrevenida, tendencia baixista en canto ao valor do edificio no mercado en aras a promover a súa enaxenación, considérase como prazo máximo da prórroga os tres anos.



Concello de Vigo

IV.- Axuste da renda

A renda regúlase na cláusula V do contrato, renda total anual unitaria, composta dunha renda fixa ou mínima garantizada, que forma parte dunha renda variable cando a renda fixa sexa inferior a unha determinada porcentaxe da facturación neta anual da explotación do hotel.

Na actualidade a renda fixa, tralas actualizacións pola tase de variación interanual experimentada polo I.G.N.P.C, é de 49.145,77 euros mensuais IVE incluído.


A proposta inicial da arrendataria é, en base imposibilidade do operador do hotel de asumir a renda do contrato ante a caída da demanda de pernoctacións hoteleiras provocada polos efectos da pandemia, e o desequilibrio nas prestacións derivadas do contrato, modificar a renda convertíndoa en enteramente variable consistente nos beneficios da explotación mentras que a arrendadora percibiría unha cuota.

IV.1- Efectos da pandemia sobre a actividade hoteleira

Reprodúcese o párrafo II.2 sobre a excepcional crise económico e social sen parangón nos últimos cen anos, que ten paralizado certos sectores económicos, como o comercio, hostelería e TURISMO, cúa crudeza ten sido descrita pola propia xudicatura, véase Auto da Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020: *"nunca antes los tribunales habían tenido que afrontar las consecuencias en el ámbito contractual de una situación sanitaria tan extraordinariamente grave y con efectos tan sumamente extendidos, tan negativos y tan devastadores en la economía -singularmente en el ámbito de la hostelería y el turismo- como la que ha supuesto la pandemia mundial causada por el COVID-19, pues la mayor parte de las sentencias que se citan en el recurso y particularmente las más recientes, se refieren a situaciones derivadas de la coyuntura económica o las fluctuaciones de mercado o bien cambios legislativos que pueden considerarse habituales o al menos previsibles o dentro de la órbita de los riesgos "normales" del contrato, y que frecuentemente son alegadas por los afectados en orden a solicitar una revisión o modificación del mismo,..."* pues desde el punto de vista de la afectación de la finalidad perseguida con el contrato y el equilibrio de las prestaciones, es difícil imaginar una situación más grave que la que nos ocupa y que se sitúa fuera del ámbito de los riesgos "normales" o previsibles del contrato."

Como dato, xúntase gráfico da variación anual do PIB turístico (ISTE) comparado co PIB nacional en España de 2008 a 2020, no que se pode apreciar que o sector turístico en España cerrou 2020 cun desplome sen precedentes. Nas entradas, no período xaneiro-outubro se ten producido unha caída de mais do 76% respecto a 2019, e o gasto turístico ten diminuído de forma similar, un 75,9% respecto ao mesmo período do ano anterior. O PIB turístico no país, reduxose en casi un 69% con respecto ao rexistrado en 2019. Nun ano marcado polas consecuencias da pandemia de COVID-19, a economía nacional redúcese nun 11,1%. ¹ O turismo ten sufrido unha caída na súa facturación do 70%.

1 Statista, 21 de xaneiro de 2021, <https://es.statista.com/estadisticas/517777/comparacion-de-la-tvi-del-pib-turistico-con-la-del-pib-nacional-de-espana/>



IV.2.- Aplicación da cláusula doctrinal “rebus si stantibus”

-Unha vez acreditada a afección da crise sobre a actividade da alugueira, a liberdade de contratación y suxeición á LAU obriga a restablecer o equilibrio prestacional mantendo o carácter oneroso do negocio, conmutatividade de prestacións que a xurisprudencia do Tribunal Supremo ven recoñecendo dende hai décadas aplicando a cláusula da rebus. A aplicación desta regra acuñada no século XVI recupérase ao final da guerra civil española, no ano 1939, sendo as Sentencias do Tribunal Supremo de 14 de decembro de 1940 e 17 de maio de 1941, as primeiras dictadas, novamente, ao respecto.

-A citada cláusula, próxima no seu fundamento aos arts. 7 e 1.258Cc, trata de superar as desigualdades que se poderan derivar dun exacto cumprimento dun contrato ante a alteración sobrevenida da situación existente ou circunstancias concurrentes ao tempo da celebración do contrato, cando a alteración sexa tan acusada que aumente extraordinariamente a onerosidade ou custo das prestacións dunha das partes ou ben acabe frustrando o propio fin do contrato. En concreto, dita cláusula persigue o mantemento do equilibrio da economía do contrato mediante a revisión e o axuste do seu contido.

Numerosos son os Autos e Sentenzas que recollen a doutrina do reequilibrio do contrato, “rebus sic stantibus”, (Sentencia Xulgado 1ª Instancia n.º 81 de Madrid , Auto 447/2020 de 25 de setembro, procedemento 473/2020; Auto da Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020; Audiencia provincial de Almería, sección 1ª, Sentencia 183/2020 de 10 de marzo, Rec 865/2018; Audiencia Provincial de Barcelona, Sección 11ª, Sentencia 17/2020 de 6 Feb. 2020, Rec. 180/2018; Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 6ª, Sentencia 157/2020 de 15 May. 2020, Rec. 786/2019; Audiencia Provincial de Valencia, Sección 6ª, Sentencia 188/2020 de 12 May. 2020, Rec.



Concello de Vigo

934/2019; Audiencia Provincial de Alicante, Sección 5ª, Sentencia 86/2020 de 18 Feb. 2020, Rec. 298/2019; Audiencia Provincial de Las Palmas, Sección 5ª, Sentencia 201/2020 de 30 Abr. 2020, Rec. 998/2018; Juzgado de Primera Instancia N.º 2 de Benidorm, Auto 162/2020 de 7 Jul. 2020, Proc. 601/2020; Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020; Xulgao de Primeira Instancia e Instrucción N.º 2 de Prat de Llobregat (El), Auto 55/2020 de 15 Jul. 2020, Proc. 215/2020; Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020; SSTs 822/2012 de 18 de xaneiro de 2013, 242/2014 de 11 de decembro, 333/2014 de 30 de xuño, 591/2014 de 15 de outubro, 64/2015 de 24 de febreiro, 227/2015 de 30 de abril, 447/2017 de 13 de xullo, 5/2019 de 9 de xaneiro ; 19/2019 de 15 de xaeneiro, 214/2019 de 4 de abril, 452/2019 e 455/2019 de 18 de xullo; Sentencia 156/2020 de 6 de marzo.

Como indica a STS nº 807/2012 de 27 de diciembre, a cláusula "rebus sic stantibus" ten por obxecto a revisión do acto ou negocio xurídico que ten sufrido un feito imprevisible posterior á celebración do contrato, e se refire á abundante xurisprudencia relativa á alteración extraordinaria das circunstancias que provoque un desequilibrio exorbitante das prestacións das partes, sentencia que cita as anteriores de 20 novembro 2009 que a su vez se remite á de 25 enero 2007, literalmente: *"...analizando la aplicabilidad al caso de la cláusula "rebus sic stantibus", dice la sentencia de 23 de abril de 1991 que "la doctrina ha examinado la dificultad extraordinaria sobrevenida en el cumplimiento de la obligación al igual que lo ha hecho la jurisprudencia, al tratar de la posibilidad de construir dentro de nuestro derecho vigente, la cláusula "rebus sic stantibus" como medio de establecer equitativamente el equilibrio de las prestaciones; con cita de las sentencias de 14 de diciembre de 1940, 17 de mayo de 1941, y 5 de junio de 1945, la de 17 de mayo de 1957 establece las siguientes conclusiones en relación con la aplicación de la citada cláusula: A) Que la cláusula "rebus sic stantibus" no está legalmente reconocida; B) Que, sin embargo, dada su elaboración doctrinal y los principios de equidad a que puede servir, existe una posibilidad de que sea elaborada y admitida por los Tribunales; C) Que es una cláusula peligrosa, y, en su caso, debe admitirse cautelosamente; D) Que su admisión requiere como premisas fundamentales: a) alteración extraordinaria de las circunstancias en el momento de cumplir el contrato en relación con las concurrentes al tiempo de su celebración; b) una desproporción exorbitante, fuera de todo cálculo, entre las prestaciones de las partes contratantes que verdaderamente derrumben el contrato por aniquilación del equilibrio de las prestaciones, y c) que todo ello acontezca por la sobrevenida de circunstancias radicalmente imprevisibles; y e) en cuanto a sus efectos, hasta el presente, le ha negado los rescisorios, resolutorios o extintivos del contrato otorgándole los modificativos del mismos, encaminados a compensar el desequilibrio de las prestaciones". Tal doctrina se ha mantenido en posteriores resoluciones de esta Sala -Sentencias, entre otras, de 29 de mayo de 1996 , 10 de febrero de 1997 , 15 de noviembre de 2000 , 27 de mayo de 2002 y 21 de marzo de 2003... "*

-Debemos examinar xa que logo, se en relación co contrato de aluguer con BOREALIS HOTELS S.L,se cumpren as premisas de aplicabilidade da cláusula:

- alteración extraordinaria das circunstancias no momento de cumprir o contrato en relación coas concurrentes ao tempo da súa celebración: resulta notorio o carácter extraordinario e sobrevido desta crise sanitaria derivada da pandemia e a súa extensión ao ámbito económico do país. O carácter extraordinario do cambio de circunstancias non necesita mais acreditación, sen que se poida calificar de risco

normal ou previsible sen que tampouco estea asignado a ningunha das partes contratantes.

- unha desproporción exorbitante, fora de todo cálculo, entre as prestacións das partes contratantes que verdaderamente derrumben o contrato por aniquilación do equilibrio das prestacións: a declaración do estado de alarma coas restricións en canto a suspensión de actividades (o hotel estivo pechado ao público dende o 22 de marzo, e entre o 7 de abril e 31 de maio intervido como aloxamento sanitario) e limitación da libre circulación, ten afectado sobremanera ás prestacións do contrato de aluguer, cunha redución en mais do 70 % da facturación neta do Hotel Eurostars Mar de Vigo. Isto ten producido unha alteración da base do negocio ao se ter reducido de maneira moi elevada os beneficios que racionalmente se pretendían obter, o que implica que o contrato sexa excesivamente oneroso para a alugataria, aínda que en dicha onerosidade non teña intervido ningunha actuación culpable por parte do Concello.
- que todo isto acontezca pola sobreveniencia de circunstancias radicalmente imprevisibles: certo é que cando o Concello se subrogou no contrato, a crise do coronavirus non se atopaba dentro dos riscos normais do contrato de aluguer. Será o 31 de decembro de 2019 cando a Organización Mundial da Saúde detectou en China unha declaración da Comisión Municipal de Saúde de Wuhan para os medios de publicación publicada no seu sitio web na que se mencionan casos dunha neumonía vírica en Wuhan.
- en cuanto a seus efectos serán modificativos do contrato, encaminados a compensar o desequilibrio das prestacións, debendo a decisión ser equitativa e xusta de forma que as perdas e ganancias que se deriven do cambio se distribúan entre as partes., as cales non teñen previsto ningún mecanismo ou réxime de distribución de riscos para feitos análogos ou similares á pandemia do COVID 2019, de xeito que a única alternativa posible para o reequilibrio das contraprestacións que se derivan do mesmo sexa a invocación desta cláusula.

A cláusula “rebus sic stantibus”, na actualidade se está a recoller de forma expresa nas codificacións nacionais e internacionais: *art. 6.2.2 dos principios UNIDROIT*¹, *de Dereito da Unión Europea (art. 6.111 dos Principios de Dereito Europeo da Contratación, PECL) e nacionais (art. 1213 do CC en la Proposta para a modernización do Dereito de obligas e contratos preparada pola Comisión Xeral de Codificación)*².

-Resulta clara a aplicación desta máxima ao contrato de aluguer que nos ocupa; así os tribunais (Auto da Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020; Sentencia Xulgado 1ª Instancia n.º 81 de Madrid , Auto 447/2020 de 25 de setembro, procedemento 473/2020) admiten a compatibilidade da doutrina co disposto no RDL 15/2020 que regula unha moratoria no aboamento das rendas debidas, en tanto que consideran que a cláusula tradicional devén ademais de doutrina, principio de dereito.

1 <https://www.internationalcontracts.net/documentos-derecho-internacional/Principios-UNIDROIT-sobre-contratos-Comerciales-Internacionales.pdf>

2 https://www.mjusticia.gob.es/es/AreaTematica/ActividadLegislativa/Documents/1292430960594-Propuesta_para_la_modernizacion_del_Derecho_de_obligaciones_y_contratos._Ano_2009.PDF



Concello de Vigo

Como exemplos desta realidade podemos citar:

A Sentencia Xulgado 1ª Instancia n.º 81 de Madrid de Madrid sinala “dicho Real Decreto-Ley se centra en los efectos más inmediatos de la crisis, mientras que la cláusula rebus parece tener por finalidad permitir que el negocio pueda superar el bache económico vivido y el contrato de arrendamiento pueda cumplir con la duración que se le concedió. Por mucho que el Preámbulo del Real Decreto-ley 15/2020, de 21 de abril, de medidas urgentes complementarias para apoyar la economía y el empleo, anuncie que en su articulado se prevé “una regulación específica en línea con la cláusula «rebus sic stantibus», de elaboración jurisprudencial, que permite la modulación o modificación de las obligaciones contractuales”, no se comparte la interpretación de algún autor, de que las medidas previstas en dicho Decreto Ley sean las únicas de las que puedan beneficiarse los arrendatarios al amparo de dicha doctrina; es perfectamente factible que el arrendatario intente la aplicación de la cláusula rebus para el ajuste del contrato según las verdaderas necesidades del caso concreto, pues, en nuestro supuesto, la norma no ofrece una solución para el concreto desajuste sufrido por los arrendatarios/demandados.” No mesmo senso o XULGADO 1ª INSTANCIA N.º 20 DE BARCELONA, S 1/2021, DE 8 DE XANEIRO PROC. 444/2020 explica esta compatibilidade de forma moi prolixa ...hay que indicar que la cláusula rebus sic stantibus no es solo una creación jurisprudencial, sino que es la plasmación de un principio general del derecho en materia de obligaciones y contratos como se constata en el hecho de estar recogida la posibilidad de modificar el contrato ante un cambio sobrevenido e imprevisible de las circunstancias en el artículo 6:111 PEDC. Por ello, como principio general de las obligaciones también es fuerza del derecho destacando que el artículo 1.4 Cc prevé que los principios generales del derecho se aplicarán en defecto de ley o costumbre, “sin perjuicio de su carácter informador del ordenamiento jurídico”. Este carácter informador que se le atribuye a los principios generales del derecho hace que se tengan que tener en cuenta para interpretar la legislación, tanto la regulación del Código civil en materia de contratos como el RD Ley 15/2020. Además, dicha normativa se tiene que interpretar también teniendo en cuenta los criterios de interpretación que recoge el artículo 3 Cc y que se remite al sentido propio de sus palabras “en relación con el contexto, los antecedentes históricos y legislativos, y la realidad social del tiempo en que han de ser aplicadas, atendiendo fundamentalmente al espíritu y finalidad de aquellas”

27. Tomando todos estos elementos en su conjunto y haciendo una interpretación finalista y conforme a los principios de buena fe y de equidad que son la base de las relaciones contractuales, entiendo que el RDL 15/2020 no impide que una parte, en este caso el arrendatario, solicite otra consecuencia jurídica distinta de la mora en el pago de la renta que establece el citado texto normativo, si entiendo que con esa consecuencia no se produce el equilibrio contractual ni se restablece la base del negocio. En apoyo de esta conclusión indicaré los siguientes argumentos.

28. En primer lugar, tanto la jurisprudencia del TS que ha configurado la doctrina sobre la cláusula “rebus sic stantibus” como la legislación que la regula (ver, por ejemplo, Ley 498 de la Compilación Navarra, o el artículo 6:111 de los PEDC) no establecen una consecuencia única ante la alteración extraordinaria de las circunstancias que se tuvieron en cuenta al firmar el contrato. Todas ellas prevén como consecuencia la resolución del contrato o su modificación acudiendo a términos de equidad, equidad que no es siempre la misma en todos los contratos con independencia de que el hecho que permita la aplicación de la cláusula pueda ser el mismo como sería en este caso la pandemia del Coronavirus. El

RD Ley 15/2020 regula una consecuencia que entiende que es idónea para evitar ciertas dificultades económicas de los contratantes, en especial del arrendatario, pero si se hace una interpretación sistemática con la regulación y jurisprudencia que permite aplicar la cláusula rebus sic stantibus, hay que entender que no excluye que se pueda aplicar otra consecuencia conforme a los principios que inspiran la cláusula rebus sic stantibus dado que es la única forma de garantizar los principios de buena fe, de equidad y de conmutabilidad de las prestaciones.

29. En segundo lugar por la propia dicción y finalidad del RDL 15/2020 se constata que la intención del legislador no es eliminar la posibilidad de dar otra solución a la situación creada por la pandemia. Si se lee la Exposición de Motivos que es un elemento esencial para interpretar la voluntad del legislador, hace referencia en su apartado II a "medidas para reducir los costes operativos de pymes y autónomos". De ahí se deduce que su finalidad no se busca el reequilibrio contractual que es la finalidad de la rebus, sino reducir los costes que tienen que asumir los empresarios. También es relevante que en este apartado de la Exposición de Motivos se hace referencia a la normativa que se podía aplicar como es la LAU y el Cc y considera que no es suficiente para reducir el riesgo de incapacidad financiera de autónomos y pymes para hacer frente al cumplimiento total o parcial de sus obligaciones, entre ellas, el pago de la renta de locales. Por tanto, no excluye la aplicación de estas normas, sino que establece una solución más diciendo de manera expresa en dicha Exposición de Motivos que:

"Ante esta situación, procede prever una regulación específica en línea con la cláusula «rebus sic stantibus», de elaboración jurisprudencial, que permite la modulación o modificación de las obligaciones contractuales si concurren los requisitos exigidos: imprevisibilidad e inevitabilidad del riesgo derivado, excesiva onerosidad de la prestación debida y buena fe contractual". (subrayado propio)

30. Como se observa de esa dicción lo que hace el legislador es establecer una solución más "en línea con la cláusula rebus sic stantibus", sin que en ningún momento manifieste que esa es la única consecuencia que se puede atribuir a esta situación, sino que es una más inspirada en dicha cláusula.

31. En tercer lugar porque hay otras normas que permiten aplicar la cláusula rebus sic stantibus y conferir al arrendador una consecuencia diferente a la de moratoria en el plazo por un máximo de cuatro meses. En este sentido se puede citar la Ley 498 de la Compilación Navarra o el Decreto-Ley 34/2020, de 20 de octubre de medidas urgentes de apoyo a la actividad económica desarrollada en locales de negocio arrendados elaborada por la Generalitat de Catalunya. Esta última norma también en su Exposición de Motivos hace referencia a la excesiva onerosidad de algunas de las prestaciones, al carácter imprevisible e inevitable del riesgo de donde deriva y a la necesidad de restablecer el equilibrio contractual para aplicar "con fundamento en la cláusula rebus sic stantibus" unas consecuencias de rebaja de la renta ligada a determinadas circunstancias que se enumeran en el artículo segundo si no se llega a un acuerdo entre las partes.

32. En base a todo lo manifestado, la interpretación más adecuada de dicho RD Ley 15/2020 es que las consecuencias que fija no son excluyentes de otras modificaciones, sino que es una alteración del contrato que se puede aplicar por mor de la cláusula rebus sic stantibus. No obstante no impide que atendiendo a las circunstancias del caso se puede solicitar otra



Concello de Vigo

consecuencia diferente, como realiza el actor, en aplicación de la citada cláusula. La medida de establecer una moratoria en el contrato puede ser suficiente en determinados contratos para conseguir el equilibrio en las prestaciones pero puede no serlo en otros, más cuando se trata del arrendamiento para realizar una actividad que se ve frecuentemente sometida a diferentes regulaciones que aumentan o disminuyen las restricciones para su ejercicio y que, seguramente, seguirá sufriendo restricciones hasta que se acabe con esta situación, lo que puede dificultar que la renta se pueda abonar en el periodo de moratorio fijado por dicha normativa.

33. Por todo ello, considero que la promulgación del RD Ley 15/2020 no impide acudir a la cláusula rebus sic stantibus como complemento del ordenamiento jurídico en aras a solicitar una medida que restablezca la equidad en el contrato si se considera que la moratoria que prevé dicha normativa no lo hace de una manera adecuada en el contrato en concreto de que se trate..."

Recentemente, a Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020 admite también esa compatibilidad de medidas: "...y en este sentido cabe citar el Real Decreto Ley 15/2020 de 21 de abril, de medidas urgentes complementarias para apoyar la economía y el empleo -que incluso se refiere a la cláusula rebus sic stantibus en su preámbulo-, norma legal que ha sido además complementada y ampliada por el Real Decreto-Ley 35/2020, de 22 de diciembre, de medidas urgentes de apoyo al sector turístico, la hostelería y el comercio y en materia tributaria, si bien procede en todo caso aclarar que las anteriores disposiciones legales constituyen una regulación de mínimos a falta de pacto, y que el mero hecho de que no concurren en la entidad demandante los requisitos exigidos por el legislador para la adopción de las medidas que dichas normas prevén -o incluso si concurren-, no significa que no se puedan solicitar medidas análogas en vía jurisdiccional a fin de que se valore si se dan los requisitos necesarios para la modificación contractual en aplicación de la doctrina jurisprudencial sobre la rebus sic stantibus..."

*E o recente Auto da Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020, **opta pola mesma solución de conciliación**..."..Pero es que además existe otro dato que en sentido contrario avala el juicio provisional indiciario favorable respecto de la pretensión que pretende ejercitar la actora cual es que la virtualidad de la cláusula "rebus sic stantibus" ha trascendido el ámbito jurisprudencial, hasta el punto que, incluso el legislador permite aplicar medidas similares como moratorias a las PYMES en dificultades económicas como consecuencia de los devastadores efectos del COVID-19; y en este sentido cabe citar el Real Decreto Ley 15/2020 de 21 de abril, de medidas urgentes complementarias para apoyar la economía y el empleo -que incluso se refiere a la cláusula rebus sic stantibus en su preámbulo-, norma legal que ha sido además complementada y ampliada por el Real Decreto-Ley 35/2020, de 22 de diciembre, de medidas urgentes de apoyo al sector turístico, la hostelería y el comercio y en materia tributaria, si bien procede en todo caso aclarar que las anteriores disposiciones legales constituyen una regulación de mínimos a falta de pacto, y que el mero hecho de que no concurren en la entidad demandante los requisitos exigidos por el legislador para la adopción de las medidas que dichas normas prevén -o incluso si concurren-, no significa que no se puedan solicitar medidas análogas en vía jurisdiccional a fin de que se valore si se dan los requisitos necesarios para la modificación contractual en aplicación de la doctrina jurisprudencial sobre la rebus sic stantibus..."*

IV.3.- Renda axustada ás consecuencias económicas da pandemia

-Nos procedementos xudiciais consultados, Sentencia Xulgado 1ª Instancia n.º 81 de Madrid , Auto 447/2020 de 25 de setembro, procedemento 473/2020; Audiencia provincial de Almería, sección 1ª, Sentencia 183/2020 de 10 de marzo, Rec 865/2018; Xulgado de Primeira instancia n.º 2 de Benidorm, Auto 162/2020, de 7 de xullo, proc.601/2020 , ante a necesidade de conseguir o xusto equilibrio do contrato de aluguer, os maxistrados optan por unha diminución da renda nun 50% tomando como referencia a última factura antes da pandemia. Xustifican esta porcentaxe en que o alugatario ten que asumir unha proporción máis elevada de perdas porque quen asina un contrato de aluguer para explotar unha industria como é o alugamento de piso turístico, por exemplo, faino coma empresario e sen ganancias fixas, estando sometido aos vaivéns do sector e a unhas eventuais perdas, sendo o 50% da renda unha porcentaxe apropiada considerando tódolos gastos que debe asumir a empresa hoteleira.

-Esta redución da renda de alugamento nun 50% , sen prexuízo de que se poidan acadar outros acordos entre as partes, é pola que opta o Real Decreto-ley 35/2020, de 22 de decembro, de medidas urxentes de apoio ao sector turístico, hostelería e comercio e en materia tributaria, cuxa Exposición de motivos sinala que o seu obxectivo é aliviar a situación de empresas e autónomos, especialmente os relacionados coa actividade turística, hoteleira e comercial, para permitir que poidan manter a súa viabilidade e non se vexan irremediabilmente abocados ao peche como consecuencia da pandemia.

A maior abastanza, a aplicación retroactiva para a anualidade abril 2020-marzo 2021, xustifícase no disposto no artigo 39.3 da Lei 9/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o cal establece "Excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando (...) produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existieran xa na data a que se retrotraiga a eficacia do acto, e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas". Como se ten dito ao longo da proposta, as circunstancias de gravísima crise mundial están presentes xa en marzo de 2020, cando o Goberno declara o primeiro estado de alarma, suposto de feito que existe xa que logo na data á que se retrotrae a bonificación da renda.

A proposta de extensión temporal da redución da renda ata o 31 de marzo de 2022 xustifícase tamén en base a criterios xurisdicionais; así o Auto da Audiencia Provincial de Valencia, Sección 8ª, Auto 43/2021 de 10 Feb. 2021, Rec. 606/2020, o cal valora que a situación de crise continúa e con isto a extraordinaria afectación da demanda turística, que é o que verdaderamente podería afectar ao equilibrio das prestacións e supor teóricamente a frustración da conmutatividade contractual "...pues estén vigentes o no las restricciones establecidas legalmente, sean unas o sean otras, desde luego la situación no ha sido ni es en absoluto favorable, y es notorio que el descenso de la demanda de servicios en el sector turístico se está prolongando en el tiempo más de lo previsto y lo deseable, habiendo transcurrido ya casi un año desde que se decretó inicialmente el estado de alarma y el confinamiento de todos los ciudadanos españoles el pasado mes de marzo por RD-Ley 463/2020 de 14 de marzo; y esta situación perdura debido a numerosos factores, fundamentalmente y entre otros el miedo de la población a los contagios, los nuevos brotes y mutaciones de la pandemia, las restricciones de movilidad existentes y los confinamientos



Concello de Vigo

perimetrales, a lo que deben añadirse las limitaciones y controles que afectan a los turistas provenientes de otros países, que son además los principales demandantes de dichos servicios, como sucede con los controles en frontera, las cuarentenas o controles PCR, y el hecho -no irrelevante- de que algunos Estados aconsejen incluso no viajar a nuestro país, de modo que el contexto es absolutamente desfavorable para el negocio turístico..”.

-Esto referido ao primer ano de prórroga, durante o cal os efectos da pandemia sobre a economía e en concreto o sector turístico, son previsibles (prórroga do estado de alarma, restriccións á mobilidade, prazos de vacinación da poboación mundial...).

-En canto á renda para as dúas seguintes anualidades, a pretensión é recuperar a pactada o 17.02.2014; nembargantes, como podiera resultar que os efectos da pandemia sobre a actividade e explotación hoteleira non teñan cedido, a obriga de garantir o equilibrio e conmutatividade das prestacións xustifican a conclusión dunha limitación referida ao importe de cifra de negocio da anualidade 2019, considerada como “normal”. Neste caso, de non se acadar esta cifra de negocio, a renda será equivalente ao porcentaje de vendas referido a aquela anualidade 2019. A modo de exemplo, se as vendas fosen do 65% con respecto a 2019, a renda será un 65%, de ser un 80%, a renda será dun 80%.

De conformidade co exposto, previos informes preceptivos, formúlase ao órgano de contratación, Xunta de Goberno local, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Sendo de interese público municipal nos termos acreditados na parte expositiva deste acordo, prorrogar polo prazo de TRES ANOS o contrato de aluguer do inmoible para uso de Hotel do complexo Auditorio Mar de Vigo, sito na Avda de Beiramar de Vigo, suscrito coas sociedades BOREALIS HOTELS S.L.U. E e HOTELES TURISTICOS REUNIDOS no que se ten subrogado o Concello de Vigo segundo acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 9.03.2018, e cuio prazo finalizará xa que logo o 31 de marzo de 2024.

Segundo.- Como consecuencia da situación provocada pola pandemia do COVID 2019 e as restriccións á mobilidade e á liberdade de empresa, e a conciliación do RDL 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 coa tradicional doutrina da cláusula “rebus sic stantibus”, co fin de reequilibrar as contraprestacións pactadas no citado contrato, reaxustar a renda a abonar polas mercantís BOREALIS HOTELS S.L.U. E e HOTELES TURISTICOS REUNIDOS nos seguintes termos:

- A renda da primeira anualidade, 1 de abril de 2021 a 31 de marzo de 2022, será o 50% da devengada no último mes de marzo de 2020
- Para as dúas seguintes anualidades, recuperarase a pactada o 17.02.2014 nas seguintes cricunstancias, sempre e cando a alugueira recupere o volume anual de facturación referido a 2019. De non se acadar esta cifra de negocio, a renda será equivalente ao porcentaje de vendas referido a aquela anualidade 2019. A modo de exemplo, se as vendas fosen do 65% con respecto a 2019, a renda será un 65%, de ser un 80%, a renda será dun 80%.

Terceiro.- Respecto á débeda devengada, polos mesmos fundamentos citados no anterior apartado desta parte resolutiva, afeccións sobre a actividade do hotel das suspensións e restricións impostas para frenar a pandemia COVID 2019, artigo artigo 39.3 da Lei 9/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **bonificar nun 50% a renda devengada na anualidade 2020-2021** (abril de 2020 a marzo 2021). En canto ao **restante 50% aprazar o seu pago á segunda anualidade da prórroga, prorrateándose nos últimos 24 meses de duración do contrato, xunto coa débeda polos servizos urbanos consumidos.**

A arrendataria cursará, no prazo máximo de tres meses, petición con proposta para acordar o restablecemento das condicións de recoñecemento e pago da débeda devengada, nas condicións fixadas polo Servizo de Tesourería en informe de data 11.03.2021, que se tramitará coas esixencias e garantías previstas na lexislación de aplicación.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(244).- BASES REITORAS FORMACIÓN BOLSA OPERARIOS PEÓN. EXPTE. 37304/220.

Visto o informe de fiscalización do 26/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 25/03/2021, asinado pola técnica de Admon. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O concelleira-delegada competente en materia de Persoal, a través da instrución de servizo de data de sinatura electrónica, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como operario-peón, á maior brevidade. A referida convocatoria, publicarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

II.- En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada,



Concello de Vigo

procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións

sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

A vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo esixe como requisitos específicos para o desempeño do postos de traballo obxecto da convocatoria do Grupo E de titulación, que son os seguintes:

Estar en posesión ou en condición de obter o certificado de escolaridade ou estudos primarios, ou equivalente segundo certificación de equivalencia expedida pola administración competente.

Como requisitos xerais para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

III.- En canto aos órganos de selección de persoal das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc.), faise constar que estes deberán axustarse á



Concello de Vigo

configuración legal esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.

2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”

Por outro lado, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.

2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:

- a) El personal de elección o de designación política.*
- b) El personal funcionario interino o laboral temporal.*
- c) El personal eventual.*
- d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.

4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.

5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.

6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.

7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”

Así mesmo, o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio da mesma a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como operario-peón, integrado no subgrupo E, e que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Habilitar expresamente á Sra. Concelleira-delegada competente en materia de persoal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, por Decreto de Alcaldía e Acordos da XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019.

Terceiro.- Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Operario-Peón, a executar segundo as bases específicas reitoras que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a publicación de anuncio a tal efecto, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao servizo de Administración electrónica, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.



Concello de Vigo

Quinto.- Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos recursos que se indican a continuación.

Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo.

Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscrición teña seu domicilio o demandante o se atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO ÚNICO

Bases reitoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como como operario-peón, integrado no grupo E.

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de operario-peón, grupo E, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP).

II.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o certificado de escolaridade ou estudos primarios ou equivalente segundo certificación de equivalencia expedida pola administración competente.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para a toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou certificación académica que acredite haber realizado e aprobado os estudos completos e necesarios e que se efectuou o depósito para a expedición do mesmo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo na data previa ao nomeamento como funcionario/a interino, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de operario-peón antes relacionada.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.



Concello de Vigo

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerá de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

IV.-FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes. Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 20 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario que figura anexo a estas bases, que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos. O órgano de selección, trala análise número e nivel de coñecementos dos aspirantes presentados, poderá establecer unha puntuación mínima ou nota de corte para superar este exercicio, puntuación que en ningún caso poderá ser inferior a cinco puntos. O acordo que se adopte ao respecto deberá ser publicado e constará na correspondente acta, debendo ser igualmente os aspirantes informados de tal extremo.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos teóricos-prácticos ou, realizar as tarefas que proporá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 2 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante que obteña maior puntuación no segundo exercicios de carácter teórico práctico, e de persistir o desempate, se dirimirá establecendo o tribunal unha sinxela proba adicional e obxectiva relacionada coas materias obxecto de oposición para os empatados.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

V.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A solicitude dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 10 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior



Concello de Vigo

(“Condicións dos aspirantes e acreditación documental”) e, no seu caso, do título CELGA 2 ou equivalente homologado.

Contido da solicitude:

- Datos persoais do/da solicitante, enderezo, núm. de teléfono fixo/móbil, enderezo de correo electrónico.
- Copia simple do DNI.
- Copia simple do título CELGA (necesaria para a exención da proba de galego).
- Declaración xurada de que se reúnen todos os requisitos establecidos na base anterior (Condicións xerais dos aspirantes), que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección “Ofertas de Emprego” e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñeráse de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.
- Solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, no seu caso.
- Lingua (castelán ou galego) en que desexa realizar os exercicios correspondentes que se sinalen nas bases específicas. Caso de non elección o aspirante asume que se lle entregará en calquera das dúas linguas oficiais.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org.

VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo,

Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ningún. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado encadrado no subgrupo A1 ou A2 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos da lei 39/2015, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na paxina web do concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e ss da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo o seu organismo autónomo, encadrado/a no grupo E de titulación, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.



Concello de Vigo

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público. Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes se rexerán polos Criterios de xestión de listas de reserva vixentes no concello de Vigo no momento do seu nomeamento así como pola normativa de aplicación.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

IX.- INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

X.- RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño,

polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

TEMARIOS

Parte xeral

Tema 1.- A Constitución de 1978. Principios xerais. Dereitos e Liberdades fundamentais.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 3.- O municipio: concepto e elementos. Breve referencia á organización e competencias municipais. Tema 4.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

Parte específica

Tema 1.- Ferramentas máis utilizadas polas brigadas de obras, albanelaría, electricidade, carpintería e fontanería. Características e aplicacións.

Tema 2.- Maquinaria utilizada polas brigadas de obras. Características e aplicacións da formigoneira, compresor, martelo, dumper e compactadora.

Tema 3.- Operacións básicas en traballos de albanelaría, electricidade, carpintería e fontanería.

Tema 4.- Conservación e mantemento de parques e xardíns: ferramentas utilizadas, podas e fertilización.

Tema 5.- Os materiais da construción. Clases e aplicación.

Tema 6.- Seguridade e saúde laboral: riscos, proteccións persoais e colectivas de carácter común aos diversos oficios.

11(245).- NOMEAMENTO INTERINO DUN AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL (PROGRAMA VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL). EXPTE. 37229/220.

Visto o informe de fiscalización do 26/03/21, dáse conta do informe-proposta de data 18/03/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 05/09/2019 acordou o nomeamento interino por execución do programa de carácter temporal (Vigo pola Inserción laboral -expte 34496/220), de entre outros, unha auxiliar de admn. Xeral.

II.- Con data 13/12/2020, a auxiliar de Administración Xeral interina nomeada con cargo ao dito programa, presentou o seu cesamento voluntario.



Concello de Vigo

III.- Con data de sinatura electrónica, a Concelleiro delegado da Área de Cultura e Emprego, solicita a Área de RRHH e Formación, “*se practiquen as actuacións procedentes para proceder ao nomeamento interino con cargo ao devandito programa dun/dunha Auxiliar de Administración Xeral.*”

IV.- En data de sinatura electrónica, a Concelleira delegada competente en materia de persoal, solicita á Área de RRHH e Formación: “*Incoar expediente administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación para o sometemento e aprobación na Xunta de Goberno Local do correspondente expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino dun/dunha auxiliar de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por execución do referido programa temporal, polo tempo que resta para finalizar o programa.*”

V.- Consta informe técnico cuantificativo do gasto a propoñer e informe de verificación das listas de reserva.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la

conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do legislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TRE-BEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a



Concello de Vigo

selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal inicial (31/12/2021).

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto Cód. 138.- Auxiliar de administración xeral), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no informe emitido para a solicitude do nomeamento dun auxiliar de Administración Xeral por renuncia do efectivo que venía desenvolvendo esas funcións, xa que permenece inalterables os motivos de xustificación da necesidade e urxencia de dito nomeamento segundo constan incorporados no expediente, estando actualmente en pleno proceso o desenvolvemento do programa. Así mesmo na instrución de servizo do concelleiro-delegado competente en materia de persoal, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto dun/dunha auxiliar de administración xeral (dende o 01/04/2021 ata o 31/12/2021), supón un gasto de 18.225,87 € ao que haberá que engadirse a cantidade de 5.867,06 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O custe deste novo nomeamento xa foi informado e fiscalizado pola Intervención Xeral con ocasión da aprobación do expediente 34496/220, trámites 90, 93 e 94 do mesmo, con cargo a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2021.

V. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente, temos que:

- *Que verificadas as listaxes de reserva para a categorías de Administrativo/a, existe lista vixente con persoas en condicións de ser notificadas.*
- *Que verificadas as listaxes de reserva para Auxiliar Administrativo/a compróbase que están caducadas, polo que se procede de xeito excepcional ante a necesidade de cubrir urxentemente o programa "Vigo pola inserción laboral", a ofrecer as persoas da lista de Administrativos/as o nomeamento coa categoría de Auxiliar Administrativo/a.*
- *Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Auxiliar Administrativa de Administración Xeral con cargo pro-*



Concello de Vigo

*grama, a B González Eiriz, con dni ***5386**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 09/07/2020, e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira competente en materia de persoal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto de 18/06/2019 e Acordo da XGL de 20/06/2019 elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal (renuncia do efectivo nomeado anteriormente), como **Auxiliar de administración xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de un **nove meses (dende o 01/04/2021 ata o 31/12/2021)**, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades contidas no programa Vigo pola Inserción Laboral (34496-220).

Autorizar un gasto de 18.225,87 € ao que haberá que engadirse a cantidade de 5.867,06 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa (gasto previsto e fiscalizado pola Intervención Xeral no expediente 34496/220, (trámites 90, 93 e 94), con cargo a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2021.

SEGUNDO: Nomear funcionario/a interino/a por execución do programa de carácter temporal "Vigo pola inserción laboral", por un período máximo de **nove meses** (dende o 01-04/2021 a 31/12-2021); como **Auxiliar de administración xeral á B González Eiriz, con dni ***5386****, na súa condición de seguinte aspirante a ser nomeados de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (31/12/2021), nos termos legalmente previstos, percibindo/ como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a/ parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138 auxiliar de administración xeral, sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías

profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, a xefatura de participación cidadá e desenvolvemento local, á Intervención Xeral, inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(246).- CONTRATACIÓN LABORAL INTERINA DE DOUS OFICIAIS COIDADORES PARA VIGOZOO. EXPTE. 37029/220.

Visto o informe de fiscalización do 23/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 22/03/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, o Director de Réxime Interior coa conformidade da Concelleira-delegada de Medio-Ambiente e Vida Saludable, solicita entre outros a urxente tramitación do expediente de cobertura de dúas prazas de oficial coidador/a de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo (docs: 200262667 e 210009334).

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, dispuxo ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda, á tramitación de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender ás solicitudes de persoal formuladas.



Concello de Vigo

III.- Con data de sinatura electrónica, emítese informe técnico que dispón, entre outras cuestións dispón “a data de hoxe figuran vacantes dous novos postos de Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixilancia e Control de Vigo Zoo, desde as datas 26/12/2020 (expte. 36203/220) e, 22/01/2021 (expte. 36907/220), por xubilación voluntaria dos seus titulares, polo cal dende as referidas datas se conta con crédito orzamentario que permita a súa cobertura, se legalmente se considerase posible, en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP.

En conclusión, ámbalas dúas prazas, poderían ser cubertas interinamente e, no caso de así selo, terían que incorporarse a vindeira oferta de emprego que se convoque, neste caso a Oferta de Emprego correspondente ao presente ano 2021.”

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Contratación de persoal laboral interino/a con cargo a praza vacante:

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas- poderán realizar contratos de substitución ou interinidade para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

A contratación interina, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

“1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:

a) *El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.*

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) *La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.*

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

En relación a existencia de prazas vacantes, consta unha praza vacante de oficial coidador/a de mantemento, vixilancia e control en disposición de ser cuberta interinamente, segundo o informe técnico referido no punto terceiro dos antecedentes de este informe e anexo ao expediente. Así *“En conclusión, a data de hoxe figura vacante un novo posto de Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixilancia e Control de Vigo Zoo, desde o pasado 31 de decembro de 2019, por xubilación do seu titular, polo cal dende a referida data se conta con crédito orzamentario que permita a súa cobertura, se legalmente se considerase posible en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP. De ser cuberta tería que incorporarse dita vacante a vindeira oferta de emprego que se convoque”.*

Segundo o artigo 128.2 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local: *“No podrá nombrarse personal interino para plazas no incluídas en la OEP, salvo cuando se trate de vacantes realmente producidas con posterioridad a su aprobación. El personal que ostentare la condición de interino cesará automáticamente al tomar posesión como funcionarios de carrera los aspirantes aprobados en la respectiva convocatoria. Sólo podrá procederse al nombramiento del nuevo personal interino para las plazas que continúen vacantes una vez concluidos los correspondientes procesos selectivos”.*

No artigo 27 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia establécese: *“1. Os postos de traballo vacantes que poidan ser desempeñados por persoal laboral e se consideren de provisión urxente e inaprazable poden ser cubertos mediante a contratación de persoal laboral temporal de conformidade cos procedementos previstos no convenio colectivo que resulte aplicable. En todo caso, para a contratación deste persoal laboral non se poderá acudir ás empresas de traballo temporal.*

2. Os postos vacantes cubertos mediante a contratación de persoal laboral temporal incluíranse na primeira oferta de emprego público que se aprobe logo desa contratación e nos seguintes concursos de traslados, agás que se dispoña a súa amortización.”



Concello de Vigo

No caso que nos ocupa de contratación interina laboral, e segundo o informe técnico referido, trátase de dúas prazas vacantes producidas o 26/12/2020 (expte. 36203/220) e, 22/01/2021 (expte. 36907/220), por xubilación voluntaria dos seus titulares,, con posterioridade á aprobación da OEP 2020 (aprobada en 23/12/2020, e publicada no BOP nº250 de 30/12/2020). Polo tanto as referidas praza, deberán ser incluída na OEP 2021, salvo que proceda a súa amortización.

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que “o contrato de traballo extinguirase por expiración do tempo convido ou realización da obra o servizo obxecto do contrato. Á finalización do contrato, excepto nos casos do contrato de interinidade e dos contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización de contía equivalente á parte proporcional da cantidade que resulta de aboar 12 días de salario por cada ano de servizo, ou a establecida, no seu caso, na normativa específica que sexa de aplicación”.

O/a contratado/a interino/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso oficial coidador/a de vixilancia, mantemento e control (posto cód. 689), adscrito ao Servizo de Vigozoo, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área, de acordo coas necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos escritos de data de sinatura electrónica do Director de Réxime Interior de Vigozoo conformados pola concellería delegada competente, referidos no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na instrución da Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento do Servizo de Vigozoo. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

III. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente (trámite 28), a contratación interina proposta de dous oficiais coidadores de mantemento, vixilancia e control:

“O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria de 18 de decembro de 2020, publicado no BOP de 28 seguinte, dun posto de Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixilancia e Control de Vigo Zoo, para o exercicio 2021 (incrementado nun 0,9% previsto na Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o presente ano) e de 35.336,56€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral), por un importe anual de 25.661,90€ e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa) por un importe anual de 9.674,66€). significando que o custe máximo anual para presente ano 2021 sería de 30.919,49€ (dos que 22.454,16€ corresponden a retribucións e, 8.465,33 a seguridade social a cargo ao empregador), toda vez habería que imputalo a un máximo de 10 meses e medio, xa que non estaría en condicións de ser nomeado/a ata polo menos o 15 de febreiro próximo, xa que os créditos do mes de xaneiro deste ano xa foron utilizados na modificación orzamentaria número 2/2021, expte. 36898/220, para facer fronte a insuficiente dotación orzamentaria da aplicación 920.0.140.0000, por un total de 849.516,28€€”.

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias, e considerando as obxeccións indicadas no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.



Concello de Vigo

IV. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente

“Que verificadas as listaxes de reserva para a categorías de oficial coidador de vixilancia e control no servizo de Vigozoo, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficial coidadora de vixilancia e control con cargo a praza vacante, a M^a C González Álvarez, con dni ***7873** e a R Pérez Cruces, co dni ***6224**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 09/07/2020, e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

O/a mesmo/a aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar á referida contratación laboral interina con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019 e 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a provisión interina de dúas prazas de oficial coidador/a de mantemento, vixilancia e control encadrada dentro do persoal laboral, asociada ao posto de traballo coa mesma denominación, código retributivo 689, actualmente vacantes no Servizo de Vigozoo e, en consecuencia, autorizar o gasto para o exercicio 2021 de 30.919,49€ (dos que 22.454,16€ corresponden a retribucións e, 8.465,33 a seguridade social a cargo ao empregador). Elo con cargo ás seguintes partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral), por un importe anual de 25.661,90€ e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa) por un importe anual de 9.674,66€).

SEGUNDO: Contratar interinamente con cargo ás referidas prazas vacantes de oficial coidador/a de mantemento, vixilancia e control, (cód. 689) a: a *M^a C González Álvarez, con dni ***7873** e a R Pérez Cruces, co dni ***6224***, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que aos interesados/as formalizáraselle contrato laboral-temporal de interinidade, ó abeiro do disposto no artigo 15.1.c), do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribilo seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo, extingúndose automaticamente no momento que se cubran definitivamente ditas prazas (previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público), que deberá incluírse na OEP correspondente ao ano 2021 (salvo que proceda a súa amortización); sendo adscrito ao Servizo de Vigozoo.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/a traballador/a contratado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo os/as aspirantes contratados/as, o Director de Réxime Interior de Vigozoo, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(247).- REINTEGRO POR DIFERENCIAS RETRIBUTIVAS EN POSTO DE FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL EN PRÁCTICAS. EXPTE. 35037/220.

Visto o informe de fiscalización do 24/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 22/03/2021, asinado pola técnica de Admon. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 30/12/2015, aprobou a oferta de emprego público municipal para o dito ano, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 26/01/2016.

As bases xerais reitoras dos procesos selectivos derivados (OEP 2014, 2015, 2016), foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 21/03/2018 (BOP 26/03/2018), e convocáronse, entre outras, unha praza de Oficial de Policía, incluídas no Subgrupo C1 de titulación.

Escala: Administración especial. Subescala: servizos especiais. Clase: Policía Local; quenda de acceso: promoción interna.

II.- Na Base VIII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, establecía que os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida serán nomeados funcionarios en prácticas.

III.- En data 06/06/2019, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, acordou a proposta de nomeamento como funcionario en prácticas con cargo a praza vacante de Oficial Policía Local, pola quenda de promoción interna, do aspirante Sr. Toucedo Garrido, con DNI ***9130**, candidato proposto polo Órgano de Selección e que superou tódolos exercicios do concurso-oposición nas probas selectivas derivadas das Ofertas de Emprego Público 2014/2015/2016 e formalizando a súa toma de posesión en prácticas con data 17 de Xuño de 2019..

IV.- Por Resolución da Academia Galega de Seguridade Pública do 1 de xullo de 2020, DOG de 13 de xullo seguinte, foi convocado un curso básico para o acceso á escala básica, categoría de oficial, dos corpos da Policía Local, ao que foi inscrito ao referido funcionario en prácticas.

O referido curso comezou o día 14 de setembro de 2020 e rematou o día 13/11/2020.

V.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 26/11/2020, acordou o nomeamento do interesado como funcionario de carreira, nomeamento que foi publicado no Diario Oficial de Galicia de 09/12/2020. Con data 10 de decembro seguinte o Sr. Toucedo Garrido tomou posesión como Oficial do Corpo da Policía Local como funcionario de carreira.

VI.- Con data 07/11/19, o Sr. Toucedo Garrido, solicita *"me sean abonadas las retribuciones correspondientes al 100% de las mismas y que se corresponden con las del puesto de Oficial de Policía Local desde el 1 de julio del presente año, fecha esta, a partir de la cual estoy prestando servicio como Oficial de Policía Local en prácticas"*.

VII.- Solicitado informe ao Servizo da Policía Local, en data 26/11/2019 en documento asinado polo Intendente da Policía Local, comunica que *"o funcionario deste servizo D. E. Toucedo Garrido, leva realizando tarefas de oficial da Policía Local dende o 1 de Xullo do que andamos."*

O informe anterior amplíase en data 17/03/2021, constando que *"que o funcionario deste servizo D. E. Toucedo Garrido, leva realizando tarefas de oficial da Policía Local dende o 1*

de Xullo do 2019 ata o 13 de setembro do 2020 e do 14 de novembro do 2020 ata o 9 de decembro do 2020.

VIII.- Consta informe relativo á diferenza de retribucións complementarias incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias entre o posto de policía, cód. 134 e Oficial, cód. 126 durante os períodos comprendidos entre o 01/07/2019 ata o 13/09/2020 e desde o 14/11/2020 e o 09/12/2020, que ascende a un total de 3.562,92€.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

I.- Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei de Bases do Réxime Local.

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

III.- RD 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Lexislación aplicable.

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de retribucións dos funcionarios locais deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 92 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local: “Los funcionarios al servicio de la Administración local se rigen, en lo no dispuesto en esta Ley, por la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empregado Público (actualmente TR 5/2015), por la restante legislación del Estado en materia de función pública, así como por la



Concello de Vigo

legislación de las Comunidades Autónomas, en los términos del artículo 149.1.18ª de la Constitución.

-o artigo 93 do mesmo corpo legal: *“Las retribuciones básicas de los funcionarios locales tendrán la misma estructura e idéntica cuantía que las establecidas con carácter general para toda la función pública.*

Las retribuciones complementarias se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos. Su cuantía global será fijada por el pleno de la corporación dentro de los límites máximos y mínimos que se señalen por el Estado.

Las Corporaciones locales reflejarán anualmente en sus Presupuestos la cuantía de las retribuciones de sus funcionarios en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.”

Así mesmo, tamén é preciso ter en conta o RD 158/1996, de 2 de febreiro (que modifica o RD 861/1986, de 25 de abril), sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios da Administración Local. Pola súa parte, a STS de 23 de xullo de 1996 rectifica o carácter básico de estas retribucións e, por conseguinte, a necesidade de adecuarse aos criterios fixados para a Administración do Estado.

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a STJG de 15 de febreiro de 2017 afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (...). “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función

pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

III.- Funcionarios en prácticas.-

Son funcionarios en prácticas aquellos que se encuentran en período de prácticas o desarrollando cursos selectivos de cara a su posterior incorporación a la función pública. De conformidad con lo establecido en el artículo 26 del TRLEBEP, “Las Administraciones Públicas determinarán las retribuciones de los funcionarios en prácticas que, como mínimo, se corresponderán a las del sueldo del Subgrupo o Grupo, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo, en que aspiren a ingresar”

De acuerdo con lo establecido en el Real Decreto 456/1986, de 10 de febrero, por el que se fijan las retribuciones de los funcionarios en prácticas, tras su nombramiento como tales, “percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto, y las retribuciones resultantes serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.

No obstante, el artículo 2 del citado Real Decreto “Los funcionarios en prácticas que ya estén prestando servicios remunerados en la Administración como funcionarios de carrera o interinos o como personal laboral deben optar, al comienzo del período de prácticas, o del curso selectivo, por percibir, con cargo al Departamento ministerial u organismo público al que estén adscritos los puestos de trabajo de origen:

- a) Las retribuciones correspondientes al puesto que estén desempeñando hasta el momento de su nombramiento como funcionarios en prácticas, además de los trienios que tuvieran reconocidos.
- b) Las previstas en el artículo anterior, además de los trienios reconocidos. No obstante, si durante este período se desempeñara un puesto de trabajo como funcionario en prácticas, el abono de las retribuciones corresponderá al Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.

En todo caso, estos funcionarios en prácticas deberán reincorporarse, una vez finalizado el curso selectivo o período de prácticas, a su puesto de trabajo de origen hasta su toma de posesión como funcionario de carrera en el nuevo cuerpo o escala, sin perjuicio de lo dispuesto en la disposición adicional quinta del Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración General del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración General del Estado.”

IV.- Aplicación al caso concreto.-

No obstante, en el presente caso y tal como se expuso en los antecedentes de este informe tenemos la siguiente secuencia temporal de hechos que son imprescindibles para resolver la cuestión planteada: A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 30/12/2015, aprobou a oferta de emprego público municipal para o dito ano, que foi publicada no Boletín Oficial da



Concello de Vigo

Provincia de Pontevedra de data 26/01/2016. As bases xerais reitoras dos procesos selectivos derivados (OEP 2014, 2015, 2016), foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 21/03/2018 (BOP 26/03/2018), e convocáronse, entre outras, unha praza de Oficial de Policía, incluídas no Subgrupo C1 de titulación. Escala: Administración especial. Subescala: servizos especiais. Clase: Policía Local; quenda de acceso: promoción interna. Na Base VIII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, establecía que os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida serán nomeados funcionarios en prácticas. En data 06/06/2019, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, acordou a proposta de nomeamento como funcionario en prácticas con cargo a praza vacante de Oficial Policía Local, pola quenda de promoción interna, do aspirante Sr. Toucedo Garrido, con DNI ***9130**, candidato proposto polo Órgano de Selección e que superou tódolos exercicios do concurso-oposición nas probas selectivas derivadas das Ofertas de Emprego Público 2014/2015/2016 e formalizando a súa toma de posesión en prácticas con data 17 de Xuño de 2019. Por Resolución da Academia Galega de Seguridade Pública do 1 de xullo de 2020, DOG de 13 de xullo seguinte, foi convocado un curso básico para o acceso á escala básica, categoría de oficial, dos corpos da Policía Local, ao que foi inscrito ao referido funcionario en prácticas. O referido curso comezou o día 14 de setembro de 2020 e rematou o día 13/11/2020.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 26/11/2020, acordou o nomeamento do interesado como funcionario de carreira, nomeamento que foi publicado no Diario Oficial de Galicia de 09/12/2020. Con data 10 de decembro seguinte o Sr. Toucedo Garrido tomou posesión como Oficial do Corpo da Policía Local como funcionario de carreira.

Á vista dos feitos expostos e preciso acudir para resolver a cuestión ao Real Decreto 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, o cal no seu artigo 1º determina que:

“ Quienes, a partir de la entrada en vigor del presente Real Decreto, se encuentren en período de prácticas o desarrollando cursos selectivos de los previstos en el artículo 22 del Real Decreto 2223/1984, de 19 de diciembre, serán nombrados funcionarios en prácticas, y percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto, y las retribuciones serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.”

Partindo dunha interpretación literal do precepto entendo que a única premisa fáctica a ter en conta para resolver a cuestión é si os funcionarios en prácticas realizaron as prácticas desenvolvendo ou non o posto de traballo, xa que logo si este feito se producira, é dicir, si os funcionarios en prácticas desenvolveron funcións idénticas ás realizadas polos outros funcionarios do servizo, entendo que procedería estimar a solicitude. O que resultaría contradictorio é que a Administración recoñecera a un funcionario capacidade ou actitude suficiente para o desenvolvemento dun determinado posto de traballo e, simultaneamente, lle negara os dereitos retributivos económicos inherentes ou vinculados a ese mesmo posto, podendo incluso neste suposto, chegar a producir un resultado difícil de xustificar dende a

perspectiva do principio de igualdade ao supoñer dar un diferente trato retributivo aos que desenvolven iguais cometidos e xerar unha situación de diferenza retributiva a pesar de que o cometido funcional estivese referido a idénticas actividades e funcións.

Neste caso a pesar de que non temos un nomeamento oficial, nin unha orde por escrito de que o solicitante desenvolva as funcións, xa non como funcionarios en prácticas, se non as funcións propias do posto de traballo; si temos un recoñecemento por parte do Intendente xefe da Policía Local no senso de que Solicitado informe ao Servizo da Policía Local, en data 17/03/2021, emítese o mesmo, constando que *“que o funcionario deste servizo D. E. Toucedo Garrido, leva realizando tarefas de oficial da Policía Local dende o 1 de Xullo do 2019 ata o 13 de setembro do 2020 e do 14 de novembro do 2020 ata o 9 de decembro do 2020.”*

. Así as cousas isto implica unha orde por vía dos feitos por parte dun superior que habilitaría ao desenvolvemento das funcións por parte do solicitante; funcións por outra parte, non parecen ocasionais nin discontinuas, se non que levan desenvolvéndose durante o período indicado no informe referido.

En consecuencia, procede estimar a solicitude presentada polo Sr. Toucedo Garrido, acordando o dereito do mesmo a percibir o abono das diferenzas retributivas entre o posto de policía e oficial de policía efectivamente desenvolvido, que segundo informe técnico de cuantificación económica obrante no expte, ao cal nos remitimos na súa integridade, reproducido parcialmente na parte que nos interesa a estes efectos *“...ascende a un total de 3.562,92€, sendo a partida de imputación do gasto a aplicación 920.0.140.00.00 productividade.”*

V.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira competente en materia de persoal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto de 18/06/2019 e Acordo da XGL de 20/06/2019 elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar, en base aos informes que obran no expediente, a solicitude presentada polo Sr. Toucedo Garrido (doc nº 190174484), acordando o dereito do mesmo a percibir o abono das diferenzas retributivas entre o posto de policía e oficial de policía efectivamente desenvolvido dende o 1 de Xullo do 2019 ata o 13 de setembro do 2020 e do 14 de novembro do 2020 ata o 9 de decembro do 2020.

En consecuencia acordar o abono polo concepto indicado da cantidade de 3.562,92€, sendo a partida de imputación do gasto a aplicación 920.0.140.00.00 productividade.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes, ao Intendente Xefe da Policía Local aos efectos de reorientación do servizo, a Intervención xeral, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(248).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN: “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RENOVACIÓN DOS SERVIZOS DA RÚA SEVERINO COBAS, DENDE A RÚA BOUCIÑA ATA A AVDA. RAMÓN NIETO”. EXPTE. 3471/443.

Visto o informe de fiscalización do 25/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 25/03/202, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 03.05.2017 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción dun proxecto de humanización da rúa Severino Cobas, dende a rúa Bouciña ata a Avda. Ramón Nieto, a favor da empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. (B36983906).

II.- A Enxeñeira de Camiños Canles e Portos, María Ferreiro Núñez presenta borrador do proxecto “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RENOVACIÓN DOS SERVIZOS DA RÚA SEVERINO COBAS DENDE A RÚA BOUCIÑA ATA A Avd. RAMON NIETO”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL SETECENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (439.757,12 EUROS) e data Agosto de 2017 e con sinatura dixital de data 23/03/2021.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 11.09.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a Avda. De Ramón Nieto e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

- Procederáse a retirada do mobiliario existente na rúa, para a continuación a demolición de beirarrúas e retira do bordos existentes e, demolición dos pavimentos existentes.
- Unha vez efectuada as demolicións procederáse a efectuar a escavación de gabias para a renovación das redes de abastecemento en ambos marxes, a base de tubaxe de fundición dúctil Ø 150 m, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxe, arquetas e elementos electrónico de regulación. Tamén se contempla a renovación dos colectores de pluviais e fecais cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros, pozos e arquetas de conexión, así coma, as conexións coas redes existentes. A continuación procederáse ao recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%., para efectuar as canalizacións de redes soterrados de alumado público e semaforización, segundo os esquemas do proxecto, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na rúa.
- Posteriormente unha vez confeccionada a explanada no seu conxunto, procederáse a efectuar a pavimentación, diferenciado no tipo de pavimentación entre beirarrúas, estas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cmt., de espesor con acabados a base de formigón semipulido, lousas de granito, adoquín branco mera en zonas de acceso, pavimento específico nas zonas de paso de peóns. Así mesmo entre calzada e beirarrúa colocárase o bordo formado por pezas de granito flameado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros en esquinas e paso de peóns. Na zona de rodadura que é obxecto de reposición, previo reposición de zona firmes nas gabias a base de Formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor efectuaráse o correspondente fresado capa de rego de adherencia e posterior mistura bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm.
- Posterior finalización a base de dotación de xardinaría, farois de alumado público, elementos de protección, decorativo, mobiliario, semaforización e sinalización correspondente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES (3) MESES.

V.- Consta no expediente 3471-443 a seguinte documentación:

- Resolución de Augas de Galicia de data 27.10.2020, autorizando as obras de humanización da rúa Severino Cobas, no concello de Vigo (Pontevedra) condicionada ó cumprimento das seguintes condicións:

“Xerais

1. As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.



Concello de Vigo

2. Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
3. Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
4. A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
5. Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.
6. O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.
7. Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.
8. Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

Particulares

1. As obras consistirán nos traballos correspondentes ao proxecto de "Humanización da rúa Severino Cobas, dende a rúa Bouciña ata a rúa Ramón Nieto", consistentes na instalación dunha nova rede de abastecemento con 236,78 ml de tubaxe de fundición de 150 mm de diámetro, válvulas, acometidas, bocas de rego e hidrantes; instalación dunha rede separativa de saneamento mediante 127,53 e 66,7 ml de tubaxe de PVC de 400 e 630 mm de diámetro respectivamente, pozos de rexistro e acometidas; instalación de rede de recollida de augas pluviais mediante 137,23 ml de tubaxe de PVC de 630 mm de diámetro, arquetas de recollida de augas, pozos de rexistro e máis dunha arqueta de retención de areas; instalación de canalizacións de alumeado público, electricidade e telecomunicacións; pavimentación de calzada e beirarrúas con 185,63 Tm de mestura bituminosa en quente e 280 m³ de formigón en lousa, lastro e lousa hidráulica; traballos de sinalización horizontal e máis reposición de servizos afectados, en zona de policía e servidume do río Lagares, cun cruzamento por riba do seu leito, sen actuar na sección da obra de paso existente, na parroquia de Lavadores, concello de Vigo (Pontevedra).

2. Debe destacarse que a zona de actuación se atopa nun área de risco potencial significativo ARPSI, cualificado como zona de fluxo preferente e zona asolagable para un período estatístico de retorno de T= 100/500 anos na que o titular da autorización coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso e comprométese a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección. O titular asume os riscos derivados da condición da zona de fluxo preferente e asolagable de T= 100/500 anos polo que calquera incidencia que se derive en episodios de enchentes nos traballos que se autorizan será responsabilidade do titular.

3. Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.

4. Prohibirase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estes traballos.

5. Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.

6. Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle. De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción. Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ó río por escorrentas ou cheas. Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.

7. Una vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc ata conseguir a súa situación primitiva.

8. O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses, contados a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.

9. Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno.”

- Informe complementario da Xefa de Patrimonio Histórico, de data 09.11.2020, indicando que as obras (construción de beirarrúas e renovación de servizos na rúa Severino Cobas) atópanse DENTRO do contorno de protección do elemento recollido no catálogo anexo ao PXOM do 2008 como “Ponte sobre o río Lagares” (identificado coa clave 16-0001) con protección ambiental. Polo que o servizo de Patrimonio Histórico considera que o proxecto das obras deberá remitirse á



Concello de Vigo

delegación territorial da Consellería de Cultura en Pontevedra para a emisión de informe.

- Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 05.22.2021 autorizando as obras construción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas, dende a rúa Bouciña ata a Avda. Ramón Nieto, co seguinte condicionado:

“1. Nos pavimentos de beirarrúa e calzada sobre a ponte empregaranse preferentemente materiais tradicionais que sexan respectuosos co propio ben e favorezan a súa lectura como elemento do patrimonio cultural. Neste senso, non se admitirá o uso de baldosas hidráulicas, ou de pavimentos bituminosos ou de Slurry, debendo empregarse lastros ou lousados de granitos da zona para as beirarrúas, con bordos tamén de granito. No caso da calzada, empregaranse lousados e lastros de granitos da zona, ou ben pavimentos continuos de formigón, de acabado liso non texturizado, de cores neutras e mate da gama dos grises ou beixe.

2. No caso das demais beirarrúas, evitarase o uso de pavimentos de slurry, xa que presentan un acabado difícil de integrar coas edificacións do ámbito, sendo preferible o uso de pavimentos de formigón non texturizado, de cores neutras e mate da gama dos grises ou beixe. En calquera caso, evitaranse as cores fortes, os acabados brillantes, ou as solucións imitativas doutros materiais e solucións construtivas, como os pavimentos impresos.

3. As novas arquetas e rexistros procurarán unha posición ordenada, afastándose o mais posible da ponte catalogada. As tampas das arquetas serán de fundición dúctil, e quedarán enrasadas cos pavimentos. Non se admitirá a disposición de tampas plásticas ou de PVC.

Recoméndase ampliar as obras á substitución das varandas da ponte, cuxa solución estandarizada propia das estradas resulta incoherente cos valores do ben. Para a disposición de novas varandas deberase achegar unha nova solicitude de autorización á DXPC, describindo de xeito detallado a solución proposta, e a forma de suxeición ou ancoraxe.”

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asistencia Municipal. emite en data 23.03.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de protección. Dita integración dispón de resolución favorable da Consellería de Cultura de data 05/02/2021, recollendo no proxecto as observacións sinaladas segundo se sinala no apartado 6, do documento. En canto a recomendación efectuada pola consellería referente a ampliación deberá de efectuarse durante a execución da mesma, sempre e cando fose posible.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

O proxecto en cuestión dispón de informe favorable de Augas de Galicia de data 27/10/2020.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



Concello de Vigo

ACORDO

Aprobar o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RENOVACIÓN DOS SERVIZOS DA RÚA SEVERINO COBAS, DENDE A RÚA BOUCIÑA ATA A Avd. RAMÓN NIETO”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL SETECENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (439.757,12 EUROS) e data Agosto de 2017 e con sinatura dixital de data 23/03/2021.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(249).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN NA RÚA ALTA, Nº23”. EXPTE. 803/441.

Visto o informe xurídico do 24/03/2021 e o informe de fiscalización do 25/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 15/03/202, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

2º.- O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

3º.- No marco do devandito proxecto, por parte da Concellería de Política Social remítese, en data 22/06/2020, para a súa tramitación proxecto redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luís Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, de “REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN NA RÚA ALTA, Nº23”, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS NOVENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS (693.360,00 €).

4º.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 01/07/2020, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, da mesma data, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 26/06/2019 e 18/06/2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

5º.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución da Consellería de Cultura e Turismo, de data 30/11/2020, autorizando o inicio das obras proxectadas baixo control arqueolóxico, por atoparse dita actuación dentro do ámbito de protección do xacemento romano medieval do Casco Vello de Vigo (GA36057084), co seguinte condicionado:

“Dar por rematada a intervención de sondaxes arqueolóxicas valorativas na rúa Alta, 23, Vigo, e permitir o inicio das obras previstas, baixo control arqueolóxico.

Durante o control arqueolóxico, se deberá definir, cando menos en planta, a estrutura que se localizou na escavación da sondaxe nº3; non habendo impedimento en que dita estrutura sexa desmontada para poder instalar o foxo do ascensor. O resto da estrutura poderá conservarse protexida cunha cuberta de xeotéxtil e unha capa de áridos final.

O control poderá executarse baixo o amparo da autorización de sondaxes vixente, sempre que se execute baixo a mesma dirección arqueolóxica. Os seus resultados deberán incorporarse á memoria técnica final da intervención.

Conforme ó establecido no art. 97.4 da Lei 5/2016, de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia, a actividade arqueolóxica non se dará por concluída ata a entrega e aceptación da memoria técnica.”

6º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 02/02/2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 3 e 4/02/2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11/02/2021 aprobou o proxecto de “REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN NA RÚA ALTA, Nº23” subscrito polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS NOVENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS (693.360,00 €) e con sinatura dixital 28 e 29/01/2021.

7º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 11/02/2021 que se corresponde co expediente administrativo 4725/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez, con datas 28 e 29/01/2021.



Concello de Vigo

- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario, de data 12/02/2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 19/02/2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 19/02/2021.
- E) Certificados de existencia de crédito (RC nº202100010596 e RCFUT1 nº202100010597) asinados polo Director Superior Contable en data 19/02/2021.
- F) Acta de replanteo do proxecto asinada polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez, en datas 23 e 24/02/2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 25 e 26/02/2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de datas 12/03/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 12/03/2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1

da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 02/02/2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN NA RÚA ALTA, Nº23" redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luís Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de 693.360,006 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 12/03/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS NOVENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS (693.360,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 120.335,21 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 2310.632.00.11 (DUSI, OT9, LA19, 80% INVESTIMENTO MELLORA INFRAESTRUT.), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	648.000,00 €
2022	45.360,00 €
TOTAL	693.360,00 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.



Concello de Vigo

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(250).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DE FIRMES EN VIAIS DO RURAL, FASE II. LOTE 1 NORTE. LOTE 2 ESTE. LOTE 3 SUR”. EXPTE. 666/441.

Visto o informe xurídico do 24/03/2021 e o informe de fiscalización do 26/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 05/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 a aplicación orzamentaria 1532.2100004 (PLAN RENV. FIRMES PARROQUIAS, DEPUTACIÓN).

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase os expedientes nº 4789-443 4778-443, 4777-443, 4776-443, 4775-443, 4784-443, 4783-443, 4773-443, 4770-443, 4768-443, 4788-443, 4780-443, 4774-443, 4785-443, 4779-443, 4771-443, 4786-443, 4787-443, 4772-443, 4790-443, 4782-443, 4781-443, correspondentes aos proxectos de obras, aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 02/10/2020 de cuxa execución se trata. Nos devanditos proxectos de obras figuran, como integrantes dos mesmos, os pregos de prescricións técnicas particulares da execución das obras.

3º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) Os proxectos obxectos dos expedientes aprobados pola XGL en sesión de data 08/10/2020 que se corresponde cos expedientes administrativos 4789-443, 4778-443, 4777-443, 4776-443, 4775-443, 4784-443, 4783-443, 4773-443, 4770-443, 4768-443, 4788-443, 4780-443, 4774-443, 4785-443, 4779-443, 4771-443, 4786-443, 4787-443, 4772-443, 4790-443, 4782-443, 4781-44, e que inclúen os Pregos de Prescricións Técnicas redactados polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Antonio J. Durán Maciñeira, cos orzamentos base de licitación que se detallan na táboa seguinte.

EXPEDIENTE	PROXECTO	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
4789-443	PAVIMENTACIÓN RÚA SANGUIÑO	37.607,21 €
4778-443	PAVIMENTACIÓN AVDA. GALICIA	27.390,82 €
4777-443	PAVIMENTACIÓN RÚA SALGUEIRO	107.596,98 €
4776-443	PAVIMENTACIÓN RÚA LOUREIRO	61.480,37 €
4775-443	PAVIMENTACIÓN RÚA GONDARISCO	66.274,79 €

EXPEDIENTE	PROXECTO	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
4784-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DA TRAÍDA DA AUGA	47.801,57 €
4783-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DA PARAIXAL DE ARRIBA	22.436,01 €
4773-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DA SORREGO	53.452,50 €
4770-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DA CENTIEIRA	49.973,41 €
4768-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DA BARXA	77.889,16 €
4788-443	PAVIMENTACIÓN RÚA CASTRO	17.816,33 €
4780-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DO VILAR	47.329,57 €
4774-443	PAVIMENTACIÓN MOO	51.651,55 €
4785-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DO OUTEIRO	24.892,93 €
4779-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DO CARRO	18.916,41 €
4771-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DO MONTE	60.672,97 €
4786-443	PAVIMENTACIÓN PONTILLÓN	43.048,24 €
4787-443	PAVIMENTACIÓN RÚA CANABIDO	21.895,59 €
4772-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO LONGRA	72.135,20 €
4790-443	PAVIMENTACIÓN TARRÍO DE ABAIXO	12.493,95 €
4782-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DA GÁNDARA	46.719,25€
4781-443	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO ESTERIZ	30.525,19 €

- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario, de datas 09/10/2020 e 13/10/2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 13/10/2020.
- D) Acta de replanteo dos correspondentes proxectos asinada polo Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas dos proxectos en data 01/02/2021.
- E) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 22/01/2021 e 25/01/2021.
- F) Certificados de crédito RC nº 202100006213 asinado polo Director Superior Contable.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 04/03/2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 05/03/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 05/03/2021.



Concello de Vigo

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 21/09/2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "MELLORA DE FIRMES EN VIAIS DO RURAL. FASE II. LOTE 1 NORTE. LOTE 2 ESTE. LOTE 3 SUR", redactados polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Antonio J. Durán Maciñeira cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS (1.000.000,00 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 05/03/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DE EUROS (1.000.000 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 173.553,72 €, e sendo o reparto por lotes o seguinte:

- Lote 1 Vigo Norte: CATROCENTOS VINTE E CATRO MIL CORENTA EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (424.040,25 €), cun IVE de 73.593,76 €.
- Lote 2 Vigo Este: TRESCENTOS NOVENTA E DOUS MIL CENTO NOVENTA EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (392.190,57 €), cun IVE de 68.066,13 €.
- Lote 3 Vigo Sur: CENTO OITENTA E TRES MIL SETECENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (183.769,18 €), cun IVE de 31.893,82 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.2100004 (PLAN RENV. FIRMES PARROQUIAS, DEPUTACIÓN), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	1.000.000,00 €
TOTAL	1.000.000,00 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(251).- ACEPTACIÓN DE DOAZÓN POR PARTE DA “PROVINCIA IBÉRICA DA CONGREGACIÓN FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR” E DA “FUNDACIÓN EDUCATIVA FRANCISCANAS ANA MOGAS” DE TERREOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE. EXPTE. 748/441.

Visto o informe de fiscalización do 23/03/2021, dáse conta do informe-proposta de data 18/03/2021, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

1. O Concello de Vigo adxudicou a Soltec Ingenieros, S.L. a redacción do proxecto de obras para a humanización e mellora da accesibilidade da rúa Talude.



Concello de Vigo

2. A rúa Talude, na que se ten de desenvolver a actuación, e unha vía que une as rúas San Roque e Urzaiz, cunha sección de aproximadamente 6.5 metros de media e unha pendente suave e pronunciada no tramo de conexión coa rúa Urzaiz, onde as escaleiras existentes salvan un desnivel de aproximadamente oito metros.

Esta rúa, segundo vai dito, carece de saída para o tráfico rodado, polo que o tráfico de vehículos por esta o é exclusivamente para o acceso aos garaxes dos residentes. A dispoñibilidade de aparcamento na rúa é escasa e non está ordenada. A rúa presenta moi pouca actividade comercial, sendo esta unha rúa de paso para peóns, sen embargo o Colexio Mariano, co que linda pola súa beira oeste, determina unha importante circulación peonil por esta de estudantes e de pais de alumnos. A rúa conta cun único tramo de beirarrúa na marxe impar para acceso as vivendas.

3. Coñecida pola Congregación Franciscanas Misioneras de la Madre del Divino Pastor e pola Fundación Educativa Franciscanas Ana Mogas a redación do devandito proxecto de humanización e mellora da accesibilidade da rúa Talude, pola representación destas ofreceuse ao Concello de Vigo a doazón dunha superficie de terreo 71,97 m² pertencente ao colexio, adxacente á rúa Talude, que permitiría un incremento da sección da vía en 1,8 m.

A citada superficie, da que as oferentes achegan plano de deslinde, pertence en nuda propiedade, nunha cota do 73,94% e en plena propiedade na cota restante, á Provincia Ibérica da Congregación Franciscanas Misioneras de la Madre del Divino Pastor e en usufructo, por prazo de vinte anos, na dita cota do 73,94%, á Fundación Educativa Franciscanas Ana Mogas.

Como modo ou carga da dita doazón, as oferentes solicitan do Concello de Vigo a máis da incorporación do terreo doado ao proxecto de obras de humanización e mellora da accesibilidade da rúa Talude, a reconstrución do muro de peche do centro educativo, na zona afectada pola actuación, no emprazamento e cos materias e deseño que se reflicte no plano que tamén achegan.

Os custes de formalización da doazón e os impostos derivados da mesma, de ser o caso, correrían a cargo do Concello de Vigo.

4. A superficie de terreo, de cuxa doazón se trata, forma parte da finca «nomeada "Villa Aquilina", sinalada co número 160 da rúa José Antonio, hoxe 122 da rúa Urzaiz, situada no nomeamento do Couto de Arriba e Lugar del Pino, desta cidade de Vigo. Comprende unha superficie de mil oitocentos trece metros con cincuenta decímetros cadrados. Linda: Norte ou fronte, en liña de vinte metros, coa Avenida de José Antonio, hoxe rúa Urzaiz; dereita entrando, ao Oeste, en liña de cen metros, coa Congregación Religiosas Franciscanas Misioneras de la Madre del Divino Pastor; esquerda ao leste, en liña de oitenta e sete metros, coa rúa San Roque, na actualidade nomeada Talude, e ao fondo, Sur, en liña de vinte e dous metros coa rúa Colombia.

A finca figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Vigo número 1, Tomo 1074 de Vigo, Folio 177, Finca rexistral número 18899 e a súa referencia catastral é 415700NG2745N, que comparte coa finca rexistral 7058, coa que linda polo Oeste, da mesma Congregación Franciscanas Misioneras de la Madre del Divino Pastor.

Consta no expediente certificación do Rexistro da Propiedade da finca rexistral, expresiva da súa descrición, cabida, titularidade e cargas, da que se segregará a que será obxecto da doazón.

O terreo, cuxa doazón se ofrece, está clasificado no vixente planeamento xeral de 1993 como viario público e o valor catastral do mesmo, que resulta de dividir o valor catastral total do solo das dúas fincas da Congregación —2.699.672,75— que integran unha única finca catastral, entre a súa superficie total —4.016 m²— e multiplícala pola superficie de terreo que se dona —672,23 euros/m² x 71,97 m² de superficie de terreo, obxecto de doazón—, é de 48.380,39 euros.

5. Desde o punto de vista técnico, a inclusión no proxecto da devandita superficie de terreo supón unha oportunidade para mellorar a actuación obxecto do proxecto debido á ampliación da sección transversal de la vía.

A nova sección ampliada nunha única plataforma permite:

- A mellora da calidade dos espazos públicos e a rexeñeración urbana mediante a colocación neste ámbito de novo mobiliario urbano como xardineras e bancos.
- Unha mellora da maniobrabilidade para o acceso aos garaxes por parte dos residentes.
- Un incremento da calidade de vida, nunha estratexia xeral de accesibilidade y mobilidade dos residentes, transeúntes e usuarios do Colexio Mariano, conseguindo unha sinerxia positiva coa actuación colindante (rúa Colombia) coherente coa planificación urbana da cidade.
- E, sobre todo, a reubicación dos accesos ao colexio e a creación dun espazo máis aberto liberado do tráfico rodado que permitirá un acceso moito máis seguro dos estudantes ao centro escolar, así como unha zona de estar para os residentes e transeúntes.

6. Desde o punto de vista xurídico, procede informar que os terreos a que a doazón se refire están clasificados no vixente planeamento xeral de 1993 como viario público. A mesma clasificación tiñan no planeamento xeral de 2007/2008, se ben neste planeamento xeral a clasificación de viario público se limitaba, no que ao presente expediente importa, aos terreos cuxa doazón se ofrece, excluindo da dita clasificación de viario público a superficie de terreo que media entre o muro do centro escolar adxacente á rúa Talude e o edificio contiguo do centro educativo, que no planeamento xeral de 1993 está clasificada integramente como viario público.

Os ditos terreos, en tanto que clasificados como viario público incluído en solo urbano consolidado son de cesión obligatoria, agora ben, dita cesión soamente pode esixirse polo concello de Vigo, de acordo co artigo 20 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando a propiedade pretenda parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente. Polo tanto, en



Concello de Vigo

ausencia de tal suposto de feito, que non concorre neste momento e non é previsible vaia a ter lugar, a adquisición forzosa dos ditos terreos tería que producirse por expropiación forzosa.

7. A doazón ofrecida supón, daquela, unha vantaxe para a Administración municipal que podería mellorar substancialmente o proxecto de humanización e mellora da accesibilidade da rúa Talude, sen acudir a expropiación, cun custe mínimo para esta, que é o da execución do muro de peche do colexio na parte afectada pola actuación, que constituiría o modo ou carga da doazón, cun valor moi inferior ao valor catastral do terreo que é de 48.380,39 euros, sendo custe previsto para o muro de peche de 28.168,001 euros, IVE engadido; custe que se considera axustado aos prezos de mercado e ao que habería que descontar o valor do muro de peche actualmente existente.

8. Consta no expediente informe da xefa de negociado de Xestión Catastral, de 10 de marzo de 2021, no que fai constar como superficie da parcela, 4.016 m² e como valor catastral da mesma un total de 2.699.672,75 euros, do que resulta un valor catastral do metro cadrado de 672,229 euros, que multiplicado polos metros cadrados que se ceden gratuitamente ao Concello, isto é, 71,97 m², arroxa un resultado de 48.380,34 euros, como valor catastral do terreo obxecto da donación.

Figura igualmente no expediente, informe, de data 8 de marzo de 2021, asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal e polo xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, no que se expoñen as razóns técnicas que xustifican a aceptación da doazón, arriba transcritas, e se valora en 28.168,001 euros, IVE incluído, a execución do muro de peche que como modo da doazón impoñen as doantes.

9. A execución deste muro de peche considérase necesario para o uso escolar do centro ao resultar indispensable para a seguridade dos alumnos do mesmo e, daquela, urbanísticamente posible, ao abeiro do artigo 90 da Lei do solo de Galicia, que, para os edificios en situación de fora de ordenación, como é a situación actual deste centro escolar, permite manter o uso preexistente e realizar as obras necesarias para o mantemento do mesmo.

10. Doutra parte, cómpre subliñar que, executado que sexa o proxecto de humanización da rúa coa incorporación da superficie de terreo que nos ocupa, a aliñación da vía, neste punto, axustaríase á aliñación fixada no planeamento de 2006/2007, que previsiblemente se manterá no novo planeamento en tramitación, ao ter sido anulado aquel por motivos meramente formais.

11. Polo demáis, de acordo co artigo 15 LPAP, de aplicación xeral «Las Administraciones públicas podrán adquirir bienes y derechos por cualquiera de los modos previstos en el ordenamiento jurídico y, en particular, por los siguientes: a) Por atribución de la ley. b) A título oneroso, con ejercicio o no de la potestad de expropiación. c) Por herencia, legado o donación. d) Por prescripción. e) Por ocupación». Nos mesmos termos se pronuncian os artigos 271 LALG e 10 RBEL.

A adquisición de bens a título gratuito, como é a doazón, non estará suxeita a restrición algunha. No entanto, se a adquisición levase consigo algunha condición ou modalidade onerosa, so poderán aceptarse os bens previo expediente no que acredite que o valor do

gravame imposto non excede do valor do que se adquire (artigos 273 LALGA e 12 RBEL). Tal acreditación consta no presente expediente.

Canto á formalización da doazón, dispón o artigo 633 do Código Civil que «Para que sea válida la donación de cosa inmueble, ha de hacerse en escritura pública, expresándose en ella individualmente los bienes donados y el valor de las cargas que deba satisfacer el donatario.

La aceptación podrá hacerse en la misma escritura de donación o en otra separada; pero no surtirá efecto si no se hiciese en vida del donante.

Hecha en escritura separada, deberá notificarse la aceptación en forma auténtica al donante, y se anotará esta diligencia en ambas escrituras».

12. Os gastos para o Concello de Vigo derivados da doazón modal, sen contar o valor previsto da carga, estímense como máximo en mil douscentos euros, que corresponderían aos custes da escritura pública notarial, sen que a transmisión estea suxeita ao imposto de doazóns, por gravar este unicamente ás persoas físicas adquirentes (artigo 1 da Lei 29/1987, de 18 de decembro, do Imposto sobre Sucesións e Doazóns), nin ao imposto de actos xurídicos documentados, ao gozar o Concello, como administración territorial, de exención subxectiva (artigo 45. I. A. a. do Real Decreto Lexislativo 1/1993, de 24 de setembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados).

13. Por último, convén precisar que, en aplicación do artigo 150 da lei do solo de Galicia, a segregación da porción de terreo que se ofrece en doazón non está necesitada de licenza urbanística municipal pois, dunha parte, dita segregación o é para a execución dunha dotación pública e, doutra, porque a porción segregada conta cunha cualificación urbanística diferente á da parcela matriz.

14. É competente para resolver sobre o ofrecemento de doazón ao que se refire o expediente a Xunta de Goberno Local en aplicación da disposición adicional segunda, apartados 9 e 11, da LCSP/2017.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do presente

ACORDO

Primeiro.- Aceptar, otorgada que sexa a escritura pública a tal fin, a doazón, por parte da Congregación Franciscanas Misioneras de la Madre del Divino Pastor e da Fundación Educativa Franciscanas Ana Mogas, nos termos, coa carga e obrigas que se consignan na parte expositiva do presente acordo, da superficie de terreo de 71,97 metros cadrados, que se segrega da finca rexistral núm 18.899 «nomeada "Villa Aquilina", sinalada hoxe co número 122 da rúa Urzaiz, situada no nomeamento do Couto de Arriba e Lugar del Pino, desta cidade de Vigo; cunha superficie de mil oitocentos trece metros con cincuenta decímetros cadrados, que linda: Norte ou fronte, en liña de vinte metros, coa rúa de Urzaiz; dereita entrando, ao Oeste, en liña de cen metros, coa Congregación Religiosas Franciscanas Misioneras de la Madre del Divino Pastor; esquerda, ao leste, en liña de oitenta e sete metros, coa rúa San Roque, na actualidade nomeada Talude, e ao fondo, Sur,



Concello de Vigo

en liña de vinte e dous metros coa rúa Colombia». A porción a segregar descríbese como segue: «Porción de terreo destinada a vial, da superficie de 71,97 metros cadrados, que linda: Norte, entrada ao centro educativo nomeado CPR Mariano; Sur, rúa Talude; Leste, centro educativo nomeado CPR Mariano; e Oeste, rúa Talude».

Segundo.- A aceptación municipal da doazón será feita na mesma escritura pública de doazón, pola concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, dona Patricia Calviño Rodríguez, de conformidade coa delegación de competencias da Alcaldía, de data 26 de xuño de 2019, publicada no BOP de Pontevedra, núm. 146, de data 1 de agosto de 2019.

Terceiro.- Declarar a innecesariedade de licencia municipal para a segregación da parcela matriz da porción do terreo obxecto da doazón.

Cuarto.- Incluir o terreo doado no proxecto de obras de humanización e mellora da accesibilidade da rúa Talude, outorgada que sexa a escritura pública de doazón e a aceptación municipal da mesma.

Quinto.- Autorizar o gasto por importe de mil douscentos euros (1.200€), con cargo a aplicación orzamentaria 1539.619.00.61 (V.Vertical – escaleira mecánica Rúa Talude) para facer fronte ao pago dos custes notariais da escritura pública de segregación e doazón.

Sexto.- Outorgada que sexa a escritura pública de doazón e a aceptación municipal da mesma, dese traslado da mesma e do presente acordo a Xerencia Municipal de Urbanismo para a súa consideración nos traballos de elaboración do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(252).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez